DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 26 de xuño de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 26 de xuño de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

* Declaración institucional do 28 de xuño, Día internacional do orgullo LGTBIQ+

* Declaración institucional en defensa da viabilidade das fábricas galegas de produción de aluminio primario

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2020, de 29 de maio.

2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 23 de maio de 2020 ata o 19 de xuño de 2020

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación do ano 2020: Ciclo "Martes das artes".

4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2020

Comisión de Benestar Social e Educación

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración

6. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2020: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

7. Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, cuarta fase

8. Aprobación técnica do proxecto SENDA PEONIL EN DP 1702 PQ 0+970 A 1+070. PASARELA SOBRE LIÑA FF.CC. (CAMBRE), incluído no Plan de Inversións en Vías Provinciais 2020, segunda fase

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

9. Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de protección e consolidación da calzada e o Arco da Ponte Cabirta no río Sar

10. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal de Espectáculos (IMCE) do concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

11. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020

12. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2020 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa", do Concello de Pontedeume, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0465.0

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

14. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de maio de 2020.

15. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a abril de 2020 e proxección a 31/12/2020.

16. Aprobación da toma de coñecemento do informe da Consellería de Facenda de seguimento do Plan Económico-Financeiro 2018-2019 en cumprimento do disposto no art. 24 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondente ao 2º semestre de 2019.

17. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2020 de aprobación polo Pleno e da modificación da base 53 de execución do orzamento para o exercicio 2020.

18. Aceptación da delegación de competencias en tributarias do Concello de Muros (IIVTNU)

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS
Moción sobre xestión das residencias
Moción sobre bolsas de estudo artísticos

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 26 de xuño de 2020.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 26 de xuño de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don Jose Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa Mª Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Actúa como secretario: don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da

Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:05 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Bos días a todas e a todos, é un pracer poder vervos presencialmente, estamos todos perfectamente e, polo tanto, é un auténtico pracer. Empezamos esta sesión de Pleno con dúas declaracións institucionais, unha conmemorando o Día do Orgullo.

Sr. Secretario

Declaración institucional do 28 de xuño, Día internacional do orgullo LGTBIQ+

Hai xa 30 anos, a Organización Mundial da Saúde suprimiu finalmente a homosexualidade da súa listaxe de enfermidades mentais, feito co que pretendía acabar con case un século de homofobia médica e discriminación contra as persoas LGBTIQ+.

Porén, a pesar de que houbo avances en moitos lugares, a realidade para o colectivo LGTBIQ+ non mudou substancialmente na maioría dos estados e as persoas LGBTIQ+ seguen a padecer discriminación pola súa orientación sexual e/ou identidade de xénero.

Neste momento, cómpre poñer de relevo as consecuencias negativas do illamento derivado da situación de confinamento que vimos de vivir por mor da pandemia mundial da COVID-19. Moitas persoas LGTBIQ+ tiveron que voltar ás casas en que padecían LGTBIQ+fobia familiar, quedaron alonxadas da súa rede de apoio habitual, ou se viron expostas a situacións de rexeitamento e mesmo violencia física ou verbal.

A situación de confinamento, polo seu compoñente de illamento social, e polas limitacións para acceder a servizos e recursos de apoio, leva aparellado un incremento do risco de aparición ou agravamento de problemas de saúde mental, que no caso do colectivo LGTBIQ+, vese aínda aumentado por estar exposto a situacións de discriminación, rexeitamento e/ou violencia.

Este ano, para dar cumprimento ás indicacións das autoridades sanitarias, non van poder ter lugar as marchas e manifestacións do Orgullo LGTBIQ+, cando menos do xeito en que se viñan desenvolvendo nos últimos anos. Con máis razón é imperativo seguirmos a visibilizar os obstáculos e as discriminacións que continúan a asolar a vida das persoas LGTBIQ+, poñéndonos ao seu dispor, e contribuíndo a superaren, na medida do noso alcance, as consecuencias da LGTBIQ+fobia.

Resulta, pois, máis urxente do que nunca aproveitar o mes do Orgullo, e concretamente o Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ que se celebra cada 28 de xuño, para reivindicarmos a necesidade da visibilidade das persoas LGBTIQ+ como parte integral da nosa sociedade e para demandarmos unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación. Nesta liña, a Deputación da Coruña vén desenvolvendo desde hai uns anos unha variada programación de sensibilización

en colaboración cos Concellos da Coruña que voluntariamente se queren adherir á campaña e neste ano 2020 incorporando tamén ás entidades da Provincia que traballan na promoción da igualdade e na defensa dos dereitos das persoas LGTBQI+ para deste xeito tratar de ampliar a súa visibilidade involucrando a un número maior de xente e tamén co obxectivo de darlle continuidade á campaña “Liberdade de Ser e Sentir”.

Por todo o anterior, a Corporación da Deputación Provincial da Coruña expresa o seu máximo rexeitamento a calquera forma de comportamento ou expresión asociado á homofobia e á transfobia, dúas formas de discriminación que non deben ter cabida nos nas nosas vilas e cidades, nin en ningún ámbito da nosa sociedade, por atentaren contra a convivencia, o respecto para a diferenza e a diversidade, piares básicos que deben sustentar calquera sociedade democrática e plural.

A Corporación da Deputación Provincial da Coruña recoñece explícita e publicamente que os dereitos das persoas LGTB son dereitos humanos e que a diversidade sexual debe contemplarse como un dereito básico en calquera ámbito da vida.

Sr. Presidente

Hai outra declaración relacionada con Alcoa Coruña.

Sr. Secretario

Declaración institucional en defensa da viabilidade das fábricas galegas de produción de aluminio primario

Dentro da UE, o maior produtor de aluminio é España, cunha capacidade de produción de máis de medio millón de toneladas por ano, das que máis de 320 mil prodúcense en Galicia.

O prezo final do aluminio fíxase na Bolsa de Metais de Londres (LME), o mesmo que o de boa parte das materias primas procedentes do petróleo (Coque, Brea..), da tal xeito que, ás empresas produtoras de Aluminio, só lles queda o prezo da enerxía eléctrica para manter o equilibrio na rendibilidade do proceso.

A enerxía eléctrica supón aproximadamente o 45% do custo do proceso de produción do Aluminio primario; para fabricar unha tonelada de aluminio fan falla 15.500 Kwh, máis de catro veces do que se necesita para fabricar unha tonelada de Zinc, e trinta veces máis do que se necesita para fabricar unha tonelada de aceiro. Os países produtores do norte de Europa - que resultan ser os nosos competidores - teñen regulado as tarifas eléctricas dun xeito moi competitivo, ligando o prezo á evolución do LME e con contratos de subministro de ate 40 anos.

Nos países industrializados e da UE, todos os gobernos manteñen sistemas que fan chegar a enerxía eléctrica á súa industria en condicións vantaxosas. Unha máxima destas políticas é a de fomentar acordos, a medio e longo prazo, entre a industria gran consumidora de enerxía eléctrica e as empresas enerxéticas (20, 30, 40 anos), para dotalas así de estabilidade e competitividade, conseguindo que poidan elaborar grandes proxectos e investimentos.

Os últimos anos en España estase vivindo unha situación de completa inestabilidade,

no que atinxe ao prezo da enerxía, tanto para os particulares como para as industrias grandes consumidoras, especialmente, para as do Aluminio. Cada pouco tempo estanse a realizar reformas no sector eléctrico, que, o único que conseguen, é unha escalada de 80% no prezo nos últimos dez anos. Pasamos de ser un dos países coa enerxía eléctrica máis barata, a un dos máis caros, e, de seguir con esta dinámica, en poucos anos, España será un deserto industrial, xa que a nosa industria está buscando novos emprazamentos que lles aseguren o seu viabilidade.

No ano 2012, ante da ameaza de Alcoa de pechar as factorías en España de aluminio primario, o Ministerio de Industria puxo en marcha o mecanismo de "Interrumpibilidade" para os grandes consumidores, no que se pagaba 35 €/MW, dotado dun orzamento de 750 millóns de euros, que foi quen de frear por un tempo a deslocalización das factorías.

A interrumpibilidad é un sistema polo que os centros de traballo declarados como grandes consumidores de electricidade, teñen que comprometerse a poñer todo o seu consumo, ou parte del, ao servizo do regulador (REE) nun momento dado, para que éste poida equilibrar a demanda e a oferta de electricidade na rede. Por esa disposición, o regulador paga un prezo por cada MW que se consome no centro de traballo.

No ano 2014 o Ministerio modificou este sistema, incluíndo unha poxa en bloques de potencia, de 90 e de 5 megavatios, rebaixando o orzamento a 550 millóns de euros, poxa que ten prexudicado especialmente ás fábricas de aluminio primario, dadas as súas características especiais como grande consumidor, xa que era imposible competir contra industrias que podían tirar moi á baixa os prezos polo "moito menor" impacto que os custes eléctricos teñen no seu proceso produtivo. Esta poxa estivo a piques de provocar a pechadura da nosa fábrica e a de Avilés, e deixou mal parada á factoría de San Cibrao, que só puido obter tres bloques de 90 megavatios, dos catro que necesita para operar con normalidade.

A finais do mes de agosto, principios de setembro do ano 2015, realizouse de novo a poxa para adxudicar os incentivos polo servizo de interrumpibilidade para o ano 2016, quedando de novo demostrado a gran contradición deste sistema, onde o máis grande consumidor de electricidade do país, era quen se quedaba sen os bloques de 90 megavatios (os máis bonificados), a pesar de demandar seis dos oito bloques que se sacaron á poxa.

O pasado 23 de maio, espertamos coa noticia de que Alcoa poñía en venda as fábricas de aluminio primario de España, poñendo así moita máis incerteza no noso futuro como planta, e deixando no aire o futuro de todo o sector.

Esta é a consecuencia da perversidade do sistema eléctrico actual, e a falta de dunha política industrial axeitada que tantos anos levamos denunciando.

Mentres noutros países créanse escenarios enerxéticos a longo prazo para a industria, en España a poxa xera moita inestabilidade nas empresas grandes consumidoras ao non ter a certeza de cales van ser os seus custos eléctricos máis aló dun ano. Deste xeito, é difícil que poidan acometer os investimentos necesarios, que poidan elaborar os seus orzamentos para o ano seguinte, e arríscanse a perder carteira de clientes por non poder pechar pedidos. De seguir con este sistema, en menos de cinco anos, a gran industria do noso país desaparecerá.

Por todo o exposto, a Corporación da Deputación Provincial de A Coruña expresa todo o seu apoio ás fábricas galegas de producción de aluminio primario, esixindo un proxecto industrial, e as inversións precisas, que garantan a competitividade e viabilidade, especialmente, das factorías de Alcoa da cidade de A Coruña e de San Cibrao.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2020, de 29 de maio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 5/2020, de 29 de maio

2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 23 de maio de 2020 ata o 19 de xuño de 2020

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 23 de maio de 2020 ata o 19 de xuño de 2020

3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación do ano 2020: Ciclo "Martes das artes".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 € á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a *Programación do ano 2020: Ciclo "Martes das artes",* cun orzamento subvencionado de 12.500 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de xuño de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación do ano 2020: Ciclo "Martes das artes".*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario fundouse por Real decreto do 31 de outubro de 1849, sendo a súa finalidade primordial o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os estatutos vixentes foron aprobados por Decreto 141/2004, do 25 de xuño.

Nos fins da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a través dos plenarios e en actividades, polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museología, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Real

Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario (CIF: Q1568002H), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programación do ano 2020: Ciclo "Martes das artes".*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Honorarios de conferenciantes	2.500,00
Honorarios de concertos	2.500,00
Aluguer de películas e pago dereitos	1.500,00
Contratación organización actividades	2.000,00
Material gráfico e difusión das actividades	500,00
Gabinete de comunicación	1.800,00
Seguro de RR.CC.	1.000,00
Gastos xerais (gastos indirectos)	700,00
Total	**12.500,00 €**

III.- Financiamento provincial provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €,** o que representa unha porcentaxe do 80 **%**.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario obteña para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario..

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2020.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o

pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá

efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2020

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **1.500.000,00 €**, ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2020,* cun orzamento subvencionado de 2.120.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de xuño de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2020.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Consorcio para a Promoción da Música.

EXPOÑEN

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado "Consorcio para a Promoción da Música" que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consorcio para a Promoción da Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, o aumento do número de sectores cidadáns que teñen acceso á música de calidade e a mellora do ensino musical e a formación das novas xeracións para a interpretación, o coñecemento e o acceso a esta

modalidade artística nas súas distintas manifestacións.

3.- Que, para conseguir estes fins o Consorcio xestiona a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Nova, e dúas orquestras infantís: Orquestra Infantil Arcos e Orquestra Infantil Pizzicatos e tres coros: o Coro da OSG, o Coro Novo da OSG e o Coro Infantil da OSG cuxa sede está na cidade da Coruña.

Desenvolve un programa educativo de concertos didácticos que todos os anos chega a miles de escolares da provincia, desde educación infantil a bacharelato de toda a provincia; e, tamén é de salientar o proxecto social Resoa, destinado a nenos e mozos en risco de exclusión social, único na provincia.

4.- Que, con motivo da situación derivada da declaración do estado de alarma sanitaria, a través do proxecto Eu Son Futuro, o Consorcio desenvolveu unha plataforma de ensino virtual a distancia pioneiro no mundo para facer fronte o confinamento por mor da COVID-19 en na que os 90 integrantes da Orquestra Infantil reciben clase de 18 profesores instrumentistas da OSG nas súas propias casas, e que servirá para preparar un concerto público que dirixirá o titular do conxunto orquestral, Dima Slobodeniouk, nun concerto público.

5.- Que a Orquestra Sinfónica de Galicia mantivo unha presencia constante nas redes sociais no tempo do confinamento, con publicacións diarias de vídeos da súa canle YouTube así como dos vídeos que os músicos gravaron dende o confinamento e tamén gravados nos momentos nos que, a diario, facían máis soportable o devandito confinamento aos seus veciños.

6.- Que a OSG ten un programa de streaming de concertos a porta pechada para a súa emisión na rede e está a desenvolver todo un plan de traballo para ofrecer música adaptando a súa oferta ás condicións que marcan as autoridades sanitarias.

7- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

8.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece a labor cultural que ven desempeñando o Consorcio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2020.

9.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consorcio para a Promoción da Música**, con CIF: P6503001G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola

entidade beneficiaria para o financiamento parcial do ***Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2020***, que se indica deseguido:

1. Tempada da OSG na provincia da Coruña

* 11 concertos do abono venres: 10, 17 e 24 de xaneiro, 7, 14, 21, e 28 de febreiro, 2, 9, 23 e 30 de outubro.
* 5 concertos do abono sábado: 11 e 18 de xaneiro, 1 e 15 de febreiro, 3 de outubro.
* Concertos extraordinarios: datas a determinar.
* 1 concerto en Santiago: datas a determinar.
* 4 concertos en Ferrol: 23 de xaneiro, 20 de febreiro, 8 de outubro.
* Concertos extraordinarios noutras cidades da provincia: datas a determinar.

Orzamento: 1.450.000 €

2. Actividades para apoiar ao sector musical, agrupacións e músicos locais

* Marzo, abril, maio e xuño: realización de iniciativas virtuais durante o confinamento co fin de achegar a música a toda a poboación, mediante a gravación de concertos, realización de clases particulares e masterclasses gratuítas.
* Xuño, xullo, agosto, setembro e outubro: organización de concertos con agrupacións de cámara da Sinfónica de Galicia, agrupacións infantís e coros.
* Encargos a compositores galegos para a composición de obras para grupos de cámara e arranxos de obras sinfónicas para a súa programación durante a tempada 2020-2021 da Sinfónica de Galicia.
* Investimento en tecnoloxías da información para conectar á OSG cos seus abonados e público en xeral, a través de Youtube, aplicacións, retransmisións á carta e reunións virtuais.

Orzamento: 369.000 €

3. Actividades da Orquestra Nova e da Orquestra de Nenos na provincia

* Orquestra Nova: 8 de xaneiro (A Coruña), 20 de agosto (A Coruña), concertos en Ferrol e Narón a determinar.
* Orquestra de Nenos: datas a determinar.

Orzamento: 120.000 €

4. Actividades dos Coros da OSG na provincia

* Datas a determinar.

Orzamento: 118.000 €

5. Proxecto didáctico

* 14 actividades entre concertos en familia e concertos extraordinarios, oferta de prazas para colexios da provincia da Coruña.

Orzamento: 63.000 €

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio para a Promoción da Música.

O Consorcio para a Promoción da Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Tempada da OSG na provincia da Coruña:
Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos
700.000,00
Seguridade Social 247.500,00
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras,
300.000,00
autobuses, taxis, dereitos de autor
Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos 2.500,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte 200.000,00

instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos-solistas e directores,
gravacións, iluminación e son, cargas e descargas

Subtotal 1.450.000,00

Actividades para apoiar ao sector musical, agrupacións e músicos locais:
Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos
205.700,00
Seguridade Social 50.000,00
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras,
53.000,00
autobuses, taxis, dereitos de autor
Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos 300,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte 60.000,00

instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos -solistas e directores,
gravacións, iluminación e son, cargas e descargas

Subtotal 369.000,00

Actividades da Orquestra Nova e da Orquestra de Nenos na provincia:
Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos
54.006,66
Seguridade Social 3.816,74
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras,
3.000,00
autobuses, taxis, dereitos de autor
Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos 100,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte 59.076,60

instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos-solistas e directores,
gravacións, iluminación e son, cargas e descargas

Subtotal *120.000,00*

Actividades dos Coros da OSG na provincia
Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos
69.882,63
Seguridade Social 15.266,97
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras,
3.250,00
autobuses, taxis, dereitos de autor
Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos 20,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte 29.580,40

instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos -solistas e directores,
gravacións, iluminación e son, cargas e descargas

Subtotal *118.000,00*

Proxecto didáctico
Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos
23.657,60
Seguridade Social 2.824,40
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras,
2.300,00
autobuses, taxis, dereitos de autor
Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos 500,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte 33.718,00

instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos -solistas e directores,
gravacións, iluminación e son, cargas e descargas

Subtotal *63.000,00*

Total orzamento ***2.120.000,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 70,75 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,75 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para a Promoción da Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2020**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que

xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

7.- Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, cuarta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2020, CUARTA FASE cun orzamento total de 449.881,42.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2020.1100.0037.0	MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE. DP-1107 (BOIRO A CABO DE CRUZ), P.Q. 0+000 A P.Q. 4+000 (BOIRO)	449.881,42

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local

de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación técnica do proxecto SENDA PEONIL EN DP 1702 PQ 0+970 A 1+070. PASARELA SOBRE LIÑA FF.CC. (CAMBRE), incluído no Plan de Inversións en Vías Provinciais 2020, segunda fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 286.069,10 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2020.1110.0002.0	SENDA PEONIL EN DP 1702 PQ 0+970 A 1+070. PASARELA SOBRE LIÑA FF.CC.	CAMBRE	286.069,10	12.566,67

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2020.1110.0002.0	SENDA PEONIL EN DP 1702 PQ 0+970 A 1+070. PASARELA SOBRE LIÑA FF.CC.	CAMBRE	286.069,10	12.566,67

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de protección e consolidación da calzada e o Arco da Ponte Cabirta no río Sar

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para cofinanciar as obras de Protección e consolidación da calzada e o arco da Ponte Cabirta no río Sar cunha achega provincial de **27.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3369/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **75,000%** respecto dun orzamento de **36.000,00 euros** e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3º- **Condicionar** o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2021

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR A PROTECCIÓN E CONSOLIDACIÓN DA CALZADA E O ARCO DA PONTE CABIRTA NO RÍO SAR

Na Coruña, a ___ de _____ de 2020

REUNIDOS

Dunha parte,o reperesentante da Deputación Provincial da Coruña
Doutra parte, o representante do Concello de Ames

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local
O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:…. d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Ames considera de primeira necesidade as actuacións sobre a antiga ponte de pedra semiderruida sobre o río Sar datado entre os séculos XVI e XVII ao considerar o seguinte:

O crecemento da conciencia de protección do Patrimonio Construído da Sociedade ao longo destes últimos anos, propiciou a consideración das Obras Públicas como parte do Patrimonio Cultural dun país, considerándolas bens que deben ser respectados e conservados. Xa non se pon en dúbida que as pontes de fábrica son bens culturais polos valores que posúen, pero esta condición é moi recente e ata hai uns anos o que prevaleció foi o seu valor de uso.

Ao perder a utilidade e cesar o paso por el, a obra quedaba abandonada e caía ao esquecemento co paso dos anos. Isto é o que sucedeu co Ponche Cabirta, cuxa marxinación da rede viaria contemporánea quedou ao azar das accións do río e do tempo, que case a destruíron por completo.

A recente recuperación do camiño levada a cabo polo Concello de Ames para o paso dun itinerario peonil, propiciou o seu reencontro coa ‘utilidade’ e xurdido a necesidade da súa protección e consolidación.

Os criterios que se aplicaron para a proposta de intervención que se propón non están só baseados nos valores ou atributos da obra de paso senón tamén nos dos do antigo camiño que conserva o seu lousado nos accesos a ambos os dous lados da ponte, aínda que a traza na marxe dereita foi afectada pola construción da autovía AG-56 de Santiago a Noia.

Parece claro o valor histórico e de antigüidade do Ponche Cabirta pois é inherente a el ao tratarse dunha obra que xa non se executa e que, por tanto, xa o adquiriu.

O valor técnico-construtivo é importante pola singularidade da súa tipoloxía e disposición construtiva, e nestes últimos tempos os cidadáns da zona outorgáronlle un valor simbólico de patrimonio a recuperar e nesta liña é polo que o Concello de Ames impulsa a súa protección e recuperación."

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións, preténdese por parte do Concello realizar As obras de restauración dunha antiga ponte de pedra semiderruida sobre o río Sar , motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Ames** ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello da Ames** con CIF **P1500200I** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do proxecto **PROTECCIÓN E CONSOLIDACIÓN DA CALZADA E O ARCO DA PONTE CABIRTA NO RÍO SAR** tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto Manuel Duran Arriero e o Enxeñeiro Manuel Durán Fuentes e datado en setembro de 2018.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de

obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

CONCEPTO	**IMPORTE (€)**
Presuposto execución materíal	25.001,74
13 % gastos xerais	3.250,23
6 % beneficio industrial	1.500,10
Presuposto base de licitación IVE Incluído	29.752,07
Imposto sobre valor engadido 21%	6.247,93
Total presuposto das obras	**36.000,00**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **27.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **75,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **75 %**. da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3369/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o

compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, **dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 53 de execución do Orzamento para o ano 2020, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación :

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.
1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio

que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2021.** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da

Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

10.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal de Espectáculos (IMCE) do concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar o texto do Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal de Espectáculos (IMCE) do concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón.

2º.- A Deputación Provincial da Coruña achegará para a xestión do Teatro Colón a cantidade máxima de 250.000,00 €, de acordo coa seguinte distribución

- 175.000,00 € que aboará ao IMCE en concepto de custo da programación imputables á aplicación orzamentaria 0112/3335/46201.

- 75.000,00 € destinados a facer fronte aos custos de mantemento, imputables á aplicación orzamentaria 0420/3335/21200.

3º- Os custes por programación propia que teña que asumir a Deputación, serán imputables á aplicación orzamentaria 0612/3335/22699.

4º- A eficacia da aprobación do convenio queda condicionada a aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 3/2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN

No Pazo Provincial de A Coruña, a _____ de ____ de 2020

REUNIDOS:

Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, e na execución do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 26 de xuño de 2020

Inés Rey García, Alcaldesa do Concello da Coruña e Presidenta do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en adiante IMCE) e na execución do acordo do consello reitor deste organismo aprobado na sesión que tivo lugar o día _____

EXPOÑEN:

A Deputación da Coruña adquiriu no ano 1997 o Teatro Colón, espazo cultural integrado no Pazo Provincial, que despois da súa rehabilitación integral e equipamento necesario, foi aberto novamente ao público o 5 de decembro de 2006, cun concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Unha vez rehabilitado e equipado, o Pleno decidiu regulamentar as prestacións de carácter sociocultural co carácter de servizo público provincial, acordando asemade a forma de xestión indirecta do dito servizo mediante diversos contratos de concesión administrativa, finalizando o último no mes de maio de 2017.

Logo de finalizar a concesión, dende o Goberno da Deputación promoveuse un novo período de xestión coa idea de manter un espazo cultural enraizado na actividade escénica e artística da provincia da Coruña, especialmente entre as persoas residentes da cidade.

Por iso, estimouse necesario continuar coa prestación desta actividade co carácter de servizo público, garantindo o acceso á cultura de toda a cidadanía, tal como nos lembra o artigo 44 da Constitución, sabendo asemade que a promoción da cultura e a

potenciación do galego coma a lingua propia de Galicia son obrigas de todos os poderes públicos de Galicia, segundo o disposto no artigo 5.3 e 27.19 do noso Estatuto de Autonomía.

Agora ben, tamén dende este Goberno houbo conciencia de que a xestión dun teatro público non é unha das competencias propias das deputacións provinciais, administracións supramunicipais que han de centrar o núcleo das dúas políticas na cooperación cos concellos, especialmente cos de menos de 20.000 habitantes, para garantir a axeitada prestación dos servizos municipais básicos en todo o territorio, correspondéndolle máis ben esta actividade cultural ao ámbito estritamente municipal, ao seren as persoas residentes na cidade as principais usuarias deste espazo.

Por tal razón, e co obxecto de integrar o teatro na rede de espazos culturais do Concello da Coruña, cuxa xestión corresponde ao IMCE, co data do 13 de xuño de 2018, foi subscrito o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos para a xestión compartida do Teatro Colón, vixente ata o 1 de xullo de 2020.

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos é un organismo autónomo local creado ao abeiro da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e adscrito a área do Concello da Coruña que teña atribuídos os servizos de Cultura, e de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, coma entidade de Dereito público, goza de personalidade xurídica propia e independente, plena capacidade xurídica e autonomía económica e administrativa para o cumprimento dos seus fins con suxeción ás leis e ao disposto nos seus estatutos.

O obxecto finalista do IMCE, conforme ao artigo 3 dos estatutos, determínase nos seguintes apartados:

- Contribuír á defensa e divulgación dos valores socio culturais da cidade.
- Potenciar o desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto.
- Levar a cabo e xestionar os programas do Concello da Coruña, que teñan relación coas actividades culturais públicas de interese para a cidade, relacionadas co mundo do espectáculo e as festas.
- Procurar o mellor custo e rendemento das actividades que se programan.
- Xestionar, promocionar e realizar todos aqueles programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e de animación cultural que poidan dinamizar a oferta cultural.
- Xestionar as instalacións, equipamentos municipais do ámbito do espectáculo, que se lle atribúan.
- En xeral, cantas outras iniciativas culturais e festivas sexan consideradas de interese.

Compre salientar que a experiencia ao longos destes dous anos de xestión compartida resultou moi positiva pola calidade da programación, cunha alta asistencia de público aos espectáculos programados, e unha valoración moi favorable tal como se reflicte nas enquisas realizadas, en colaboración coa Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña.
Asemade a coordinación entre as dúas institucións desenvolveuse nun clima de total colaboración e axuda mutua.

Á vista desta experiencia e aínda que no momento actual a situación causada pola pandemia do Covid 19 supón unha situación de incertidume económica en moitos ámbitos, a Deputación e o Concello apostan, especialmente nestes momentos, polo máximo apoio á cultura e aos seus axentes en todas as súas manifestacións, para as que o Teatro Colón é un referente a nivel galego.
Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran do maior interese continuar na liña de colaboración iniciada hai dous anos, polo que acordan asinar un novo convenio de cooperación coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o IMCE, organismo autónomo pertencente ao Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación e o IMCE comparten a xestión e utilización do Teatro Colón, para que o teatro quede plenamente integrado na rede pública de espazos culturais municipais, compartíndose a programación das actividades a desenvolver de acordo coas bases que se establecen deseguido, así como reservándose a utilización do espazo pola propia Deputación en determinados días, para a realización de actos propios e para a posible cesión aos concellos da Provincia e ás entidades sen ánimo de lucro.

SEGUNDA.- A programación e contratación dos espectáculos e actividades.

1.- Corresponderalle ao IMCE, con medios persoais propios ou, no seu caso, contratados con empresas especializadas, a programación das actividades a desenvolver no Teatro Colón, procurando que as accións programadas estean perfectamente coordinadas coas que se teña previsto desenvolver nos teatros e recintos de espectáculos municipais, garantindo que os contidos sexan acordes cos valores e principios constitucionais, promovendo especialmente a cultura galega e potenciando o galego, como lingua propia de Galicia.
2.- Na súa condición de administración xestora, correspóndelle ao IMCE o outorgamento de todos os contratos coas empresas de espectáculos, seguíndose para tal efecto a lexislación vixente en materia de contratación pública.
3.- Unha vez celebrado o espectáculo, a empresa contratista deberá presentar a factura correspondente ó IMCE, quen asumirá a responsabilidade de proceder a súa tramitación e pagamento nos prazos establecidos na lexislación vixente; porén, para os casos nos que se pacte coas empresas produtoras dos espectáculos a fixación do prezo do contrato polo importe da recadación que resulte da taquilla, o IMCE deberá incluir no custe da programación financiado pola Deputación os importes efectivamente percibidos por estas empresas, que serán considerados gastos e ingresos para o efecto da liquidación regulada na cláusula novena.

TERCEIRA.- Comisión de seguemento.

1.- Co fin de coordinar as actividades programadas, créase unha comisión de seguemento co carácter de órgano colexiado, presidida pola persoa deputada responsable en materia de cultura e integrada polos seguintes membros:

A) Por parte da Deputación da Coruña, ademais da persoa deputada titular da delegación de competencias na materia de cultura, a persoa titular da xefatura do Servizo de Acción Sociocultural e unha persoa deputada nomeada pola Presidencia da Deputación.
B) Por parte do Concello da Coruña, a persoa titular da Concellería de Cultura, e dous membros máis designados polo Consello reitor do IMCE, entre os que estará a persoa directamente responsable da programación.

Sen prexuizo da composición regulada nas dúas letras anteriores, poderán ser convocados ás sesión aquelas persoas que, por mor das súas responsabilidades de xestión ou funcións técnicas, teñan relación co mantemento do inmoble ou co desenvolvemento das actividades programadas. En todo caso, serán convocadas as persoas que ostenten a titularidade da xefatura do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e do órgano interventor do IMCE e do órgano interventor da Deputación da Coruña.

2.- A comisión de seguemento, coa composición sinalada anteriormente, terá as seguintes atribucións:

- Seguemento das actividades programadas, a través da memoria anual de actividades e estudio de propostas e suxerencias de programación.
- Informar sobre as dúbidas de aplicación e interpretación das cláusulas do presente convenio, as modificacións que se propoñan durante a súa vixencia e os posibles incumprimentos que poidan dar lugar a resolución do convenio.
- Toma de coñecemento e informe da memoria de xestión e da liquidación de gastos e ingresos que presente a Presidencia do IMCE, consonte ao previsto na cláusula novena, a través da Memoria económico-financeira anual.
- Informe-proposta de orzamento para cada exercicio.
- Informe sobre as necesidades, así coma toma de coñecemento da Memoria técnica anual, na que se exporá o estado do inmoble e das instalacións.

3.- A comisión reunirase con carácter trimestral, para o exercicio das atribucións ás que se refire o apartado anterior, e con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, a iniciativa de calquera dos seus membros, indicando expresamente os asuntos a tratar.

CUARTA.- A publicidade e difusión das actividades programadas.

1.- O IMCE levará a cabo, ben cos medios propios ou mediante a oportuna contratación, todas as accións publicitarias necesarias para dar a coñecer con suficiente antelación os espectáculos e actividades programadas no Teatro, agás as que se desenvolvan nos días reservados para a Deputación.

	Proporcional						33.000,00			8.163,40	41.163,40
Ribeira	Total						41.000,00	34.282,56			75.282,56
	Proporcional						41.000,00	34.282,56			75.282,56
Rois	Total	3.000,00		2.000,00			8.000,00	21.000,00	7.000,00	8.000,00	49.000,00
	Proporcional	2.356,14		1.570,76			6.283,05	16.493,01	5.497,67	6.283,07	38.483,70
Sada	Total							45.960,29			45.960,29
	Proporcional							45.960,29			45.960,29
San Sadurniño	Total	7.500,00					8.000,00		18.000,00		33.500,00
	Proporcional	7.464,69					7.962,34		17.915,25		33.342,28
Santa Comba	Total				32.000,00		17.474,94	7.000,00	15.000,00		71.474,94
	Proporcional				32.000,00		17.474,94	7.000,00	15.000,00		71.474,94
Santiago de Compostela	Total	51.327,60			187.366,55			907.060,40			1.145.754,55
	Proporcional	4.118,89			15.035,62			72.788,93			91.943,44
Santiso	Total	8.247,95					10.000,00	13.315,98			31.563,93
	Proporcional	8.247,95					10.000,00	13.315,98			31.563,93
Sobrado	Total						13.705,59	6.000,00		17.558,61	37.264,20
	Proporcional						13.705,59	6.000,00		17.558,61	37.264,20
Somozas (As)	Total	20.000,00					7.168,43				27.168,43
	Proporcional	20.000,00					7.168,43				27.168,43

CONCELLO	Total	a) Axuda domicilio	b) Reforzo Teleasistencia	c) Traslado serv a domic	d) At persoas sen fogar	e) Persoal Serv sociais	f) Adquisición EPI	g) Familias nec. básicas	h) Reforzo respiro/concil	i)Outros gastos imprescind	Total
	Proporcional										Proporcional
Teo	Total	7.981,36				21.664,92	3.267,89	30.858,91		162,92	63.936,00
	Proporcional	7.971,19				21.637,31	3.263,73	30.819,59		162,71	63.854,53
Toques	Total	4.000,00					22.036,42	2.000,00			28.036,42
	Proporcional	4.000,00					22.036,42	2.000,00			28.036,42
Tordoia	Total						15.000,00	9.482,36		16.000,00	40.482,36
	Proporcional						15.000,00	9.482,36		16.000,00	40.482,36
Touro	Total						25.000,00	7.000,00	4.000,00	9.005,11	45.005,11
	Proporcional						25.000,00	7.000,00	4.000,00	9.005,11	45.005,11
Trazo	Total	12.000,00					12.431,55	12.000,00			36.431,55
	Proporcional	12.000,00					12.431,55	12.000,00			36.431,55
Valdoviño	Total					14.176,94		18.000,00	3.500,00	3.500,00	39.176,94
	Proporcional					14.176,94		18.000,00	3.500,00	3.500,00	39.176,94
Val do Dubra	Total	28.500,00		5.000,00			16.000,00	15.000,00	12.000,00	3.825,00	80.325,00
	Proporcional	14.107,85		2.475,06			7.920,20	7.425,18	5.940,15	1.893,42	39.761,86
Vedra	Total	11.000,00				27.000,00		40.000,00			78.000,00
	Proporcional	4.633,94				11.374,23		16.850,71			32.858,88
Vilasantar	Total						5.000,00		25.000,00		30.000,00
	Proporcional						4.096,15		20.480,76		24.576,91
Vilarmaior	Total	18.000,00					2.000,00				20.000,00
	Proporcional	15.303,68					1.700,41				17.004,09
Vimianzo	Total						21.785,90	10.000,00	30.000,00		61.785,90
	Proporcional						21.785,90	10.000,00	30.000,00		61.785,90
Zas	Total	5.000,00		6.000,00			20.000,00	100,00		17.677,79	48.777,79
	Proporcional	5.000,00		6.000,00			20.000,00	100,00		17.677,79	48.777,79
Cariño	Total						6.676,44			20.000,00	26.676,44
	Proporcional						6.301,03			18.875,41	25.176,44
Oza-Cesuras	Total				300,00		52.930,31	2.420,03		6.889,01	62.539,35
	Proporcional				300,00		52.930,31	2.420,03		6.889,01	62.539,35
TOTAL 91 CONCELLOS	**Total**	**419.570,83**	**0,00**	**82.961,90**	**227.666,55**	**505.515,48**	**1.465.075,26**	**2.803.446,99**	**259.567,32**	**399.421,53**	**6.163.225,86**
	Proporcional	**296.586,40**	**0,00**	**77.633,03**	**54.630,89**	**291.017,35**	**1.298.124,90**	**1.307.097,74**	**227.268,20**	**375.474,00**	**3.927.832,51**

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa", do Concello de Pontedeume, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0465.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa”, do Concello de Pontedeume, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0465.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que o Concello de Pontedeume adxudicoulle a obra á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., co NIF A15352735, mediante Decreto da Alcaldía do 1 de abril de 2019, e que no día de de hoxe consta unha primeira certificación de execución de obra por importe de 8.229,75 €, e unha segunda certificación por importe 1.466,24 €, o que suma un total certificado de 9.695,99 €, quedando pendente de certificar 152.040,00 €.

Logo de aprobar o Concello de Pontedeume un proxecto modificado desta obra, cun incremento do seu orzamento inferior ao 20% do prezo de adxudicación que é financiado integramente polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, para reforzar a estrutura da edificación debido ao descubrimento do deterioro dos pilares e do forxado da primeira planta

Tendo en conta que o proxecto modificado de data de outubro de 2019 e asinado

dixitalmente o 14 de maio de 2020 foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 15 de maio de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola Infantil de Nogueirosa", do Concello de Pontedeume, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0465.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que está adxudicado e certificado parcialmente por importe de 9.695,99 €, que se aprobou polo concello previa audiencia á empresa adxudicataria e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, pola necesidade de acometer un reforzo estrutural nos pilares da edificación debido ao mal estado dos mesmos e tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento de adxudicación inferior ao 20% que é asumido integramente polo concello de Pontedeume, tal e como se indica na seguinte táboa:

Reforma interior e mellora accesibilidade Escola Infantil de Nogueirosa Concello de Pontedeume Código: 2018.2200.0465.0	**PROXECTO INICIAL**		**PROXECTO MODIFICADO**		**DIFERENZA**
	Contrata	**Adxudicación**	**Contrata**	**Adxudicación**	**Adxudicación**
Deputación Préstamo	183.999,99	161.735,99	183.999,99	161.735,99	0,00
Concello	0,00	0,00	19.112,59	16.799,97	16.799,97
Total	183.999,99	161.735,99	203.112,58	178.535,96	16.799,97

O financiamento do préstamo provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/9435/82120 do vixente orzamento provincial."

14.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de maio de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de maio de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de maio de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña. "

15.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a abril de 2020 e proxección a 31/12/2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de abril de 2020, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2020 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria

e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

16.- Aprobación da toma de coñecemento do informe da Consellería de Facenda de seguimento do Plan Económico-Financeiro 2018-2019 en cumprimento do disposto no art. 24 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondente ao 2º semestre de 2019.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Tomar coñecemento do informe remitido pola Consellería de Facenda en cumprimento do disposto no artigo 24 e no punto 6 da Disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas.

2º. Poñer a información a disposición de calquera interesado lexítimo a través da páxina de Internet da Deputación Provincial."

17.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2020 de aprobación polo Pleno e da modificación da base 53 de execución do orzamento para o exercicio 2020.

INTERVENCIÓNS

Sr. Leira Piñeiro

Por suposto que me sumo, tanto ás verbas de Rosa, coma as de Xosé. É un pracer, polo menos, vernos todos aquí aínda que sexa nestas condicións, é un paso que damos, que non é pouco, dos moitos que nos quedan por dar.

Este expediente tamén, todos os expedientes son especiais, pero eu entendo que este expediente é un tanto especial pola connotación que leva, por un lado polo esforzo de todos os servizos, aos cales quero agradecer ese exercicio de responsabilidade e de xenerosidade por parte de todos, e entender a mensaxe que lle queriamos dar, que non era outro que intentar sumar para o que nos toca neste momento, que é axudar aos tecidos que o están pasando dun xeito especial, máis complicado. Estamos falando sobre todo do tecido de autónomos e de empresas. E digo isto porque toda esta compilación de contías económicas dos servizos vai servir para que dentro deste expediente, un expediente que se vai aproximadamente a algo máis de vinte e un millóns de euros, das cales unha parte son recuperacións,

recuperacións que nalgúns casos xa van destinadas ao POS+ como tamén xa acaba de comentar Xosé Regueira, pero hai outra segunda parte que é empezando por dez millóns de euros que van ir destinados a este tecido empresarial e tecido de autónomos de toda a provincia, dez millóns de euros que se están agora mesmo ultimando unhas bases, unhas bases dentro do PEL, dentro dun PEL que se vai achegar cando rematemos estes procesos a preto de vinte millóns de euros, que non é pouco, pero centrándonos neste expediente son dez millóns de euros que imos achegar nun momento delicado, nun momento complexo, e que vai servir para que os concellos da provincia tamén teñan unhas bases claras para poder, dalgún xeito, apostar e poñer o seu gran de area neses concellos.

Virá esa segunda parte, que é a tramitación desas bases que están a punto de rematar, e que virán a un próximo Pleno para poder levalas adiante, pero é importante destacar, e repito, ese esforzo por parte de todos os servizos e máis esa xenerosidade que, se fixo de forma masiva, e de forma contundente, e por tanto repito, e vaia o meu agradecemento nese sentido. Despois van outras partidas, que tamén van para datos que non son menores, acaba de aprobarse noutro dos puntos os 60.000 euros para o Banco de Alimentos, que xa foi unha petición que se deu en anteriores Plenos, así como tamén outras dotacións que neste caso van para o Grupo de protección civil, para reforzar, porque xa é unha liña que había de protección civil, e dentro de compromisos que ten esta casa, incluso o deputado da área, co Concello de Santiago e coa propia Xunta de Galicia dentro do Plan do Xacobeo, entón vai reforzar tamén estas liñas de protección civil, así mesmo como tamén reforzar e atender peticións dos servizos, estamos falando neste caso de tesourería, que tradicionalmente xa sempre suplementamos a cantidade para temas de correos, etc.

Poderiamos estendernos no expediente, pero penso que o bo e breve, dúas veces bo e, polo tanto, creo que a filosofía do expediente queda bastante clara, repito, eu agradézolle aos servizos a xenerosidade que hai por parte de facer estas achegas, así como tamén teño que agradecer tamén a concellos e entidades que souberon entender no seu momento actuacións e actividades que vai ser imposible facer esas actividades, estoume referindo ao encaixe de Camariñas, ou Buño, e outras entidades que tiñan dotación presupostaria e que polas circunstancias que estamos a vivir vai ser imposible cumprir cos obxectivos que se tiña ao principio do ano. Aínda así, eu tamén quero dar unha mensaxe de que, xa o dicía na Comisión tamén, se nalgún momento fixera falta algún tipo de actuación por parte desta casa imos estar aí, porque o ano é longo, temos uns remanentes que esperamos poder utilizar, e o ano é longo para poder tamén atender a estas peticións que posiblemente vaian vir nos meses que nos quedan de ano.

Polo tanto, agradecer tamén aos Grupos a súa dispoñibilidade, e esperamos obter a confianza de todos. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Un saúdo tamén a todos os presentes, compañeiros e compañeiras, aparentemente estades todos en bo estado de saúde, alégrome por tanto, e tamén a todas aquelas persoas que seguen este Pleno telematicamente.

Nós por suposto felicitamos, sumámonos ás felicitacións do compañeiro Leira

sobre o traballo desenvolvido para armar este modificativo, que ten sen dúbida unha magnitude importante, e tamén cos seus fins, coas súas finalidades, cos obxectivos que persegue, tanto dotar de fondos ao POS como tamén ao Plan de emprego local. Ambos os dous obxectivos son encomiables e necesarios. En todo caso, nós imos absternos neste punto pola seguinte razón. Nós representamos, evidentemente, os intereses xerais das maiorías sociais da provincia da Coruña, pero especialmente os do Concello da Coruña. Nós entendemos que neste modificativo de crédito, neste expediente modificativo, non se plasman debidamente os compromisos adquiridos noutro dos puntos que se aprobou neste Pleno, que é un punto anterior, o punto número dez, onde se fai referencia ao convenio entre a Deputación e o IMCE para dotar de determinados fondos ao Teatro Colón conforme a compromisos anteriores. Como xa comentamos no seu momento na Comisión Informativa correspondente, nós entendemos que non se plasma debidamente nos acordos, nas partidas correspondentes, as contías totais que son os compromisos adquiridos entre as partes, sei que hai discrepancias técnicas e de detalles sobre isto, pero a nós desde logo non nos queda claro esa posición. Basicamente creo que porque o expediente tivo que ser armado con certa présa, eu creo que este convenio foi incorporado a última hora, e iso ao mellor explica que ese encaixe non sexa o máis axeitado, un convenio que finalmente tamén creo que pon de manifesto a dificultade, ou a incapacidade, unha vez máis, do Concello da Coruña para facerse cargo, para xestionar os seus propios fins. Dalgunha maneira trátase de que sexa o Concello da Coruña o que xestione directamente parte dese convenio, pois porque o Concello da Coruña amósase incapaz de facelo. Eu non discrepo con isto, paréceme simplemente que esa é a interpretación que fago deste feito, pero co que si discrepamos é coas contías totais.

En todo caso, baixo o compromiso expresado polo compañeiro Antonio Leira na Comisión correspondente de que se fose necesario no futuro dotar de máis recursos ao Teatro Colón faríase, ese é o compromiso que expresou verbalmente, que aquí tamén hoxe, máis ou menos, acaba de volver a expresar coas mesmas palabras, e para non finalmente manifestarnos en contra do que entendemos que é un interese xeral que se plasma no contido desta proposta, imos simplemente a absternos.

Sra. Muiño Filgueira

Para comezar, e aínda sendo reiterativa, eu creo que compartimos todos e todas a satisfacción de poder volver a encontrarnos e non sentirnos alonxadas. Eu creo que ese espírito que nos invade agora un pouco é o reflexo destes meses tan duros que vimos de vivir e dunha situación totalmente inesperada que en ningún momento, nin este, nin outro goberno podía prever nas alturas de novembro cando aprobamos o orzamento da Deputación.

Evidentemente, non podería ser doutra maneira que un Goberno ten que tomar as súas decisións sempre mirando para fóra, e non podía, era evidente que había que adaptarse á situación e modificar o orzamento para adaptarnos ás necesidades que entendemos, e penso que todos coincidimos, son prioritarias neste momento na nosa sociedade, que son sobre todo de índole social, e tamén en relación ao emprego e á economía.

Vimos de aprobar o POS adicional, está contemplado o reforzamento do PEL,

e outros gastos de carácter social que xa tamén aprobamos hoxe, falábamos dese convenio para o Banco de Alimentos, e creo que sería moi difícil atopar argumentos para opoñerse a unha reestruturación dun orzamento destas características que realmente leva o espírito de dar resposta ás necesidades que claman na nosa sociedade e coas que todos estamos completamente aliñados.

Somos conscientes tamén de que probablemente o EMC que se somete a consideración non vai resolver por si o problema de desemprego, pero entendemos que a nosa obriga é sumar con outras administracións para facer un esforzo importante arrimando o ombreiro e colaborar e contribuír a que saiamos desta situación o mellor posible e o antes posible.

Considero que con esta nova achega económica do PEL demostramos estar á altura das circunstancias, ben o dicía antes Leira. É certo que chegar ata aquí supuxo un esforzo importante a nivel de revisión e reestruturación de partidas, e que si que é certo que tamén hai algunhas partidas que se puideron ver reducidas para dar prioridade a outras cuestións como as que falamos a nivel social e de emprego.

É certo que en ningún momento ningunha das liñas que teñen que ver con contratación de persoal se viron reducidas nin un só euro, o cal é unha cuestión que hai que contemplar, e o resto de liñas continúan vivas, á parte atendendo a unha situación tan excepcional, na que podiamos prever que hai actividades que non se van poder realizar ou que van ter que ser modificadas, o que ten que prevalecer é ese espírito de dar atención ás prioridades sociais neste momento e ese ánimo de arrimar o ombreiro co resto das administracións para prestar esa axuda alá onde se necesita, máis nada.

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, imos ver, un expediente especial, xenerosidade, unha compilación de cantidades, dicía o deputado Leira, por suposto que os funcionarios fixeron o seu traballo, que dúbida cabe, montaron o expediente, deron as baixas que consideraban, pero un expediente de modificación de créditos non é un traballo de funcionarios, é un traballo político, eu creo que aquí os políticos non estiveron á altura, e sinto ter que dicilo pero estamos nun momento extraordinario e desde o minuto un nos puxemos a disposición e estas non son medidas extraordinarias, sinceramente.

A Deputación ten setenta millóns de remanente, vinte de superávit, douscentos cincuenta nove millóns no banco a 31 de maio, non me estraña que o Sr. García Seoane pida unha caixa forte, porque é que non se toca o diñeiro. Recortan neste expediente, eu imaxino que sen pactar, desde logo hai entidades que nos dixeron que con eles non falaron, un 38%, é dicir, dous millóns de euros, en deportes, e un 30%, 1,7 millóns en cultura. Eu dubido que todos estes recortes que se fan realmente non se poidan executar, estamos na nova normalidade, e desde logo hai cousas que nos chirrían bastante, desde logo foise ao fácil e non se tivo altura política, é a nosa opinión. Imos votar a favor por responsabilidade, obviamente, porque desde logo non vai ser o Partido Popular, que leva pedindo desde o inicio do estado de alarma un plan de rescate social e un plan de activación económica, un plan de emprego, por suposto que non se nos mandou máis que un modelo de bases nun momento xa hai

tempo, e gustaríanos que o modelo, teño que dicilo, sexa o doutros concellos, concellos, deputacións, a Xunta vai aprobar axudas, aquí chegamos tarde. E vou poñer o exemplo dun compañeiro socialista, que teñen sentado aí detrás, que é o Sr. Lage. Desde o primeiro momento no Concello da Coruña, o compañeiro Roberto Rodríguez na Comisión de portavoces e eu na de Facenda, negociamos un plan de rescate económico, de maneira presencial obviamente porque é que non se pode facer doutra maneira, aquí ata o de agora nada. Agora poñen dez millóns, esperemos acertar, esperemos poder falar, esperemos que se teña en conta propostas doutros Grupos, e eu creo que se podía ter un pouquiño máis de altura de miras. De momento, nada máis, moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas e súmome ás felicitacións de todos os compañeiros por vernos de novo as caras de forma presencial. Non tiña pensado intervir, simplemente unha pequena aclaración, e xa a ver se nos queda xa claro a todos, para evitalo, porque o repetimos moito a modo de mantra e eses datos non son tal e como se explican.

A Deputación ten remanentes e ten superávits como di a Sra. Gallego, pero a Sra. Gallego sabe perfectamente que non os podemos utilizar, porque no último Pleno se teñen vostedes algo de memoria, aprobamos unha moción todos os Grupos para solicitar ao Goberno do Estado precisamente que flexibilice as restricións que temos para a utilización deses fondos por parte das administracións locais, unhas restricións aprobadas polo Partido Popular cando gobernaba este país, e mantidas polo actual Goberno do Partido Socialista con Podemos, polo tanto, neste baile bailamos todos. Utilizar iso como argumento agora non sei a que vén, porque sabe vostede perfectamente que non se pode facer uso deses fondos, polo tanto, primeiro argumento invalidado.

E segundo, que é ao que me refería con iso de mantra, dos trescentos millóns que hai no banco, que parece que temos trescentos millóns aí parados e que non sabemos que facer con eles. A maior parte deses trescentos millóns son fondos de POS e de plans da Deputación que xa están en mans dos concellos pero non que foron executados, non son cartos que estean aí para gastar, xa están direccionados para uns investimentos concretos que decidiron os concellos a través, sobre todo, do Plan Único, porque hai algúns do 17, 18 e 19, para determinadas obras, a maior parte deles. Polo tanto, dicir que temos trescentos millóns no banco, é que non é así, temos cartos no banco de remanentes e superávits e despois os cartos que temos, digamos, para o funcionamento diario desta institución, pero a maior parte deses fondos xa son fondos que non son da Deputación, gárdaos a Deputación pero xa están en mans dos concellos, e os concellos xa decidiron en que investilos, e a medida que vaian executando eses plans, iránse gastando. Por tanto, outro argumento que non ten nada que ver, e que ademais escapa á realidade, e que ademais me consta que vostede sabe que non é como vostede o di, o cal fai que me faga pensar que non ten vostede argumentos moito mellores para criticar este EMC cando ten que tirar de dous que sabe perfectamente que absolutamente nada ten que ver coa realidade.

Se vostedes teñen algunha proposta, ou tiña algunha proposta para este modificativo, todos os Grupos que estamos nesta Corporación temos unha copia do

orzamento, non fai falla que os convoquen, xa llo dixemos, cando un ten ganas de colaborar tamén pode facer un estudo do orzamento e presentar unha proposta. Efectivamente, se queremos xuntar vinte millóns de euros por unha situación sobrevida por unha crise sanitaria, hai que recortalos dalgún sitio, vostede facía fincapé en cultura e deportes, pero é que hai outras moitas partidas, que nin sequera, digamos, teñen unha relación directa co tecido asociativo desta provincia que tamén se reduciron, desde a reforma da planta quinta, un montón delas que poderíamos se queren vostedes enumerar aquí ata sumar eses dez millóns de euros, porque o recorte en cultura e deportes, como vostede poderá comprobar non supera o 30% destes dez millóns de euros.

Hai outra forma de facelo, podemos facer como facía o Partido Popular cando gobernaba esta institución, e así non teriamos que recortar nada, que é en lugar de poñer aproximadamente uns vinte millóns para a creación de emprego na provincia, poñer tres millóns, así non habería problema, poderiamos manter as axudas a deportes, as axudas a cultura, e case todos os investimentos que tiñamos previstos nese orzamento, pero home, penso que a cifra é bastante significativa, tres millóns na súa etapa de goberno fronte a case vinte que estamos a poñer agora, xa non só como consecuencia da crise sanitaria senón os que tiñamos a través do PEL dos últimos anos, e deste ano en concreto que, repito, neste modificativo son dez, e ata vinte faltarían outros dez, co cal no peor dos casos e sen pandemia estariamos triplicando a cantidade que vostedes poñían, pero como estamos nunha situación moi complexa desde o punto de vista económico e de mantemento do emprego, a Deputación ten que facer un esforzo, e non sei se vostede prefire priorizar a compra de furgonetas, que nos parece que é importante, pero comprenderá vostede que a xente teña un traballo, e poida levar un prato á súa mesa é bastante máis importante que comprar unha furgoneta, sobre todo porque hai moitas federacións no caso de deportes, que xa deron por rematada a competición, polo tanto, o financiamento dese tipo de actividades xa non tiña ningún de sentido, e ademais na reunión que mantivemos coas federacións, coa maioría das federacións deportivas, practicamente a súa totalidade entendían que se fixera así, son moi poucas as que dixeron que non acababan de, digamos, comprender si, pero non apoiar esta medida, pero foron outras moitas as que dixeron que lles parecía normal que nunha situación de crise económica como a que estamos a vivir derivada desta situación se faga prevalecer e se priorice a creación de emprego e o mantemento de emprego por riba doutros investimentos que se ben digo, non dicimos que non son importantes, o son menos. Porque dificilmente un pai que ten un neno nun club deportivo senón ten traballo non vai poder pagar a cota de socio, e o importante e o principal é que a xente poida ter un emprego e que poida levar un prato de comida a súa mesa, e despois teremos todo o demais.

Polo tanto, facer esa crítica con, xa digo, uns argumentos como dixen inicialmente, e remato xa, que nada teñen que ver coa realidade e ao final é por poñerlle un pero a algo porque non temos mellores argumentos e porque é difícil moitas veces recoñecer que as cousas se fan ben por parte de quen está en fronte. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

O Goberno do Partido Popular herdou cen millóns de débeda, cen millóns,

vostedes teñen débeda cero, porque deixáronlle cero a débeda.

O orzamento executouse, haberá que executar, eu falo de 250 millóns que están no expediente aquí, neste Pleno, en maio, non lle estou falando...hai que executalos, iso tamén é crear emprego, executar o orzamento é crear emprego, inflúe moito.

Entón, a nosa proposta, tirar de remanente, pregúntelle ao Sr. Lage, gastou o remanente do concello, non se poderá, si se pode, faise un plan económico financeiro, claro que se pode, están gobernando en Madrid con Podemos, presentamos mocións todos os concellos, todas as deputacións, en todas partes, pediuno todo o mundo, que deixe gastar o diñeiro, agora, temo que eses douscentos e pico millóns, van ir para a caixa central. Entón, si se pode utilizar o remanente, e desde logo catro millóns practicamente entre deportes, que non están de acordo todas as federacións, xa llo garanto, e cultura, porque a Marea queixábase no Concello, por exemplo, de Coruña, de que se quitaba unha parte do IMCE, ben, pois se dedicaba a uns bonos culturais, ou sexa, que é un sector que o está pasando mal, aquí non, aquí se é moi xeneroso e se suprime dun plumazo. Hai outras alternativas, eu creo que é un momento excepcional, e hai que tirar de remanente e facer un plan económico se hai que facelo, non queda outra, moi fácil, foron ao fácil, e neste momento hai que facer cousas un pouquiño máis complicadas aínda.

Sr. Fernández Piñeiro

Claro, escoitándoa a vostede parece que nós recortamos en cultura e que eses fondos, non sei, os dedicamos á compra de máscaras, pero eu recórdolle que este modificativo de crédito vai financiar un fondo para a recuperación económica e social da provincia e poñendo cartos dos concellos. Polo tanto, as empresas do sector cultural poden perfectamente acollerse a esas liñas de axudas que os distintos concellos vaian sacando, financiadas ou cofinanciadas con este programa, e a través deste modificativo. Aquí non se está abandonando a ninguén, a diferenza é que estamos centrando o investimento na xeración e no mantemento do emprego, e póñolle a vostede un exemplo, non sei se para vostede é máis prioritario que unha empresa poida manter aos seus empregados, ou que a coral de Pontedeume vaia cantar a Cedeira. Efectivamente, a coral de Pontedeume é unha coral a que eu aprezo moitísimo e fai un gran labor pola cultura, pero nunha situación de crise temos que priorizar. Do mesmo modo que se vostede é médico en urxencias e entra unha persoa cun dedo roto e outra coa cabeza aberta, entendo que atenderá primeiro a que ten a cabeza aberta, porque corre máis risco. Pois neste caso, Sra. Gallego, estamos a facer o mesmo, priorízase o mantemento do emprego, tamén do emprego cultural, e do emprego deportivo, todas esas empresas deses sectores poderán acollerse ás distintas liñas de axudas que poida sacar tanto a Deputación, a Xunta de Galicia ou distintos concellos, e os distintos concellos van cofinancialas con este modificativo, polo tanto, non se esquece nin se deixa tirado a ningún sector. Que pasa, se fai, digamos máis fincapé na parte profesional do sector, que entendemos que nunha situación destas características é onde hai que facelo, porque senón dígame vostede de onde recortar.

Ou se quere vostede facemos unha cousa, ao estilo diso que comentaba vostede do Goberno do Estado, collemos esas cartas que repite vostede que están no

banco sen executar, pero non será por culpa da Deputación, porque o POS do meu concello licítoo eu, e os que estamos aquí que somos alcaldes exactamente o mesmo, e se está sen licitar, non será sempre responsabilidade do Concello porque sabemos todos as dificultades que temos cos informes sectoriais, etc., etc, pero en todo caso, se hai alguén que non ten absolutamente nada que ver é a Deputación Provincial da Coruña, dependerá doutros factores que inflúen na licitación deses distintos proxectos de obra. Unicamente se quere vostede, quitámoslle os cartos aos concellos que temos no banco e os dedicamos, pero se queremos poñer fondos a disposición do tecido empresarial desta provincia, hai que sacalos dalgún sitio, e se tiñamos previsto dez antes da crise e temos que poñer vinte, eses outros dez hai que sacalos dalgún lugar, Sra. Gallego, e estamos a sacalos daqueles que entendemos que son menos prexudiciais, porque aquela parte do tecido asociativo, cultural ou deportivo, que non está profesionalizado, non vai ter ningún tipo de problema, vai poder subsistir perfectamente, unha persoa que se dedique a practicar ciclismo pode montar na súa bicicleta exactamente igual, sen os fondos da Deputación, os fondos da Deputación dedicábanse basicamente a financiar competicións federadas, desprazamentos das competicións, etc., etc., pero moitas delas quedaron suspendidas, e as que non quedaron, entenderá vostede que teremos que priorizar, como dixen, o mantemento do emprego, a creación do emprego, e que a xente poida comer, iso é o prioritario, se teñen vostedes algunha proposta de onde sacar estes cartos, nós encantados de escoitala porque aínda estamos a tempo de facer outro modificativo máis.

E sobre os remanentes, xa se utilizaron os que se podían utilizar, porque xa houbo outro modificativo. Polo tanto, ata o de agora, que o Goberno flexibiliza as medidas e nos permite utilizalos como todos lle mandamos, non só o Partido Popular, todos, pois perfecto, ..., non, eu non goberno, goberna o meu Partido, eu non, Carlos non me fagas ese argumento tan simple porque es bastante máis intelixente que para iso, por favor, porque entón se imos a iso podiamos dicir, ben , e cando gobernaba o PP por qué non o cambiou?, é dicir, imos ser un pouco serios, esta Deputación Provincial da Coruña e os que estamos aquí sentados por sorte ou desgraza non temos a capacidade de modificar a lexislación, temos a capacidade de transmitir cál é a nosa petición ou cal é o noso sentir a ese respecto e así se fixo por distintas mocións, por tanto, imos ser un pouco máis serios. Moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueiras

Xa para rematar, paréceme, á parte sobre todo expresándonos e expresando a vosa intención de votar a favor, realmente para unha modificación e un plan que realmente é positivo e importante para a poboación da provincia, querer ensombrecer o esforzo ou a relevancia desta proposta aludindo ademais a unha realidade na que eu penso que todos sabemos que o escenario e a súa actividade cambiou substancialmente. Sabemos que a maioría das entidades e actividades deportivas viron impactado o seu desenvolvemento habitual, decaeron moitas das competicións, deporte base e aínda agora nas condicións actuais e por seguridade van ter limitacións e dificultades para desenvolvelas con normalidade. Do mesmo xeito, parte da actividade de entidades culturais tamén se veu moi condicionada, e non se ía desenvolver na mesma medida que se fixo, por exemplo, no ano anterior 19.

En ningún momento se extingue a vontade nin o compromiso de dar respaldo a estas actividades, o que si que a Deputación ten que traballar co orzamento real, co

que pode manexar, non é momento de facer malabarismos de aludir a remanentes ou querer crear espellismos cando sabemos que non se pode facer. Estamos falando de dar a mellor resposta posible á poboación da provincia. Realmente é unha mágoa ensombrecer desta maneira este compromiso que se adquire co emprego da provincia.

Sr. Leira Piñeiro

Simplemente para terminar, está claro que se puidésemos dotar de máis contía económica que non lle caiba dúbida a ninguén que o fariamos, iso fóra de toda dúbida. Estamos suxeitos, como xa se comentou aquí a unha serie de pautas e a utilización dos remanentes están suxeitas tamén a iso, hai unha regra de gasto que non podemos pasar, non podemos obviar eses temas. Porque se así fose, fíxense vostedes que incluso ata o propio POS+ tería máis dotación presupostaria, que tamén é un dos obxectivos que nos marcamos desde sempre. Pero ben, eu quixera pechar este debate, empeceino cun agradecemento aos Servizos e tamén vou pechar cun agradecemento a todos vostedes por facilitar que este expediente saia para adiante, agradecerlle a Alberto ese cambio de postura, no sentido do voto, e aos demais Grupos, por suposto, o apoio a este expediente porque penso, e pensamos todos, que é moi importante para a provincia. Nada máis.

Sra. Gallego Neira

É que eu creo que non se me entendeu, nós imos votar a favor, o que non nos gusta, ou sexa, estamos de acordo co plan, o que non nos gustan son os recortes, eu recoméndolle ao Sr. Fernández que fale un pouquiño máis co Sr. Lage, simplemente.

Sr. Presidente

O que si que me gustaría intervir só un minuto para facer pedagoxía respecto a dous aspectos que creo que son relevantes para non continuar digamos que regando unha ficción que é unha pura ficción, é dicir, a Deputación non dispón de trescentos millóns de euros, nin de douscentos cincuenta e nove millóns de euros, e que quede claro para sempre, é dicir, isto non quero que dentro de trinta anos se fale daqueles trescentos millóns da Deputación como do ouro de Moscú, que parece que existiu e que o levaron os soldados roxos a Moscú, pero que nunca ninguén o viu, isto é igual. A Deputación non ten trescentos, nin douscentos cincuenta e nove millóns de euros para dispoñer deles, é dicir, deses douscentos cincuenta e nove millóns de euros que di Rosa Gallego que dispoñemos para facer un plan de autónomos de cen millóns de euros, como pedía ela por escrito, cento corenta e seis millóns de euros están en mans dos concellos, son para facer as obras do POS+ desde o ano 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, e non se pode apelar a que haxa unha mala execución do orzamento ou do Plan se é certo, pero se lle pregunta aos seus alcaldes moitos deles, destas obras son de concellos do Partido Popular, de concellos do Partido Socialista e de calquera outra formación política, practicamente o 99,9% veñen motivados por permisos de Costas, permisos de Augas de Galicia, permisos de Patrimonio, permisos de Medio Ambiente, permisos de Conservación da Natureza, permisos sectoriais que retrasan enormemente a execución do POS+, e que cada vez que imos ao Parlamento Galego reclamamos como segunda gran reclamación sempre desta Corporación provincial, que se axilicen os prazos na tramitación dos permisos sectoriais.

Despois hai, efectivamente, noventa millóns de euros entre remanentes e superávits, que xa nos gustaría a nós incorporar a este modificativo de crédito, e facer en vez dun plan de vinte millóns de euros, facer un plan de cen millóns de euros de axuda a autónomos e a concellos da provincia, pero non se pode facer por dous motivos: unha, os límites de caixa establecidos na regra de gasto, e a outra, que lla recordo á Sra. Rosa Gallego, que acaba de votar no punto número 16, acaba de respostarme a si mesma, aprobación da toma de coñecemento do informe..., non do Ministerio de Hacienda, Carlos, senón da Consellería de Facenda, de seguimento do noso plan económico-financeiro aprobado aquí por unanimidade nesta Corporación. Quere dicir que quen controla, quen detalla, quen amplía, quen recorta as posibilidades de gasto dentro dunha lexislación que é estatal, e dentro dunha inxustiza que provén do Estado, sen dúbida ningunha, do ano 2012, e que os nosos compañeiros e compañeiras en Madrid, efectivamente, están a incumprir, é unha inxustiza que nace dun goberno do Partido Popular que mantén o Goberno socialista e o Goberno de Podemos, iso é así. Pero en calquera caso, quen amplía ou recorta as nosas posibilidades e fai seguimento do noso plan económico-financeiro, conforme ao artigo 24 da Lei 2012 é a Consellería de Facenda, quere dicir que non temos marxe para ampliar, xa nos gustaría a nós ter eses oitenta millóns en funcionamento. Esperemos que se poida facer porque o Estado faga caso ás suplicas, tanto da FEMP, como da FEGAMP, como das institucións, como a que está aquí representada, porque senón sería unha auténtica inxustiza ter os cartos parados dos concellos, os aforros dos veciños e veciñas totalmente parados.

E por outra parte, respecto a outra ficción, eu creo que neste momento había dúas opcións, aquí hai catro deputacións, vemos a reacción de cada unha delas, e podemos analizala polo miúdo, creo que había dúas opcións, unha quedar parados, non facer nada, como fixeron outros, parapetados na cuestión de que non temos competencia e ademais estamos advertidos diso expresamente desde Madrid de que non temos competencias no ámbito de axudas e apoios a autónomos e microempresas, ao tecido empresarial en definitiva, podíamos parapetarnos niso, pero esta Deputación, e corrixo ao meu portavoz, desde que entrou a gobernar nesta Corporación, co apoio de todos os Grupos, é dicir, non é un tema nun Goberno concreto, é dicir, este é un proxecto de todos os que estamos aquí representados, nunca houbo un matiz, nunca houbo un reproche, nunca houbo unha mala palabra por parte de ningún dos Grupos aquí representados para facer unha aposta moi potente, transversal polo emprego, pola dinamización económica, incluso nos momentos onde oficialmente tiña rematado xa a crise económica, desde aquí todos os Grupos apoiaron sempre o aumento da partida dedicada a emprego e dinamización.

Cando entramos en 2015 había 1,3 millóns de euros, non 3 millóns de euros, 1,3 millóns de euros, que ese mesmo ano, co apoio de todos e de todas, chegou a 3 millóns de euros, despois aumentouse a 6, despois a 7, despois a 11, porque eran 7 mais 4 de fondos europeos, e hoxe estamos xa en 10 máis 10, que son practicamente 20 millóns de euros.

Polo tanto, o bo de todo isto é que máis alá de que a medalla é absolutamente compartida entre todos e todas, a nós nos toca, como dicía Rosa facer o traballo polo miúdo de tachar 2000 aquí, 5.000 aquí, unha partida que se reduce, pero ao final o

importante é que se aproba aquí, e que cada Grupo aquí presente fai unha aposta clara polos 83.000 autónomos desta provincia, que nunca entenderían que priorizaramos que "Os feroces da galgueira das Pontes" que son catro persoas marabillosas, pero que non viven disto, e que van tocar ás festas por aí porque lles gusta o tambor ou lles gusta a gaita, ou que a coral das Pontes, como dicía Bernardo, non pode ir a tocar a Cedeira, é moi difícil explicar que esa xente que estivo tres meses confinada e, polo tanto, teñen unha capacidade máis difícil de xustificar a subvención, e aínda que puideran xustificala no cen por cento, é moi difícil explicarlle a un autónomo da rúa Barcelona, un comerciante que leva pechado tres meses, e que aínda aberto está coas vendas ao dez por cento do que nesta época do ano estaría, é moi díficil explicarlle que non lle recortamos aos "Feroces da galgueira das Pontes" para que vaia tocar ás festas nas parroquias, para non apoialos a eles durante estes tres meses de confinamento, é moi difícil de explicarllo.

Eu entendo que a postura popular e a postura máis cómoda é que non haxa recortes, que non haxa redución de partidas nese ámbito. Dicía antes Bernardo que reducimos, un traballo enorme de Antonio Leira, cada partida no orzamento, desde o cambio do coche do presidente, que así foi, que estaba previsto un renting novo, que se eliminou, ata a adaptación da planta quinta de Vías e Obras, que levan esperando os pobres un montón de tempo, e que lles agradezo enormemente e a Arquitectura, que volvan ralentizar, ata a non modificación en Cabana da cuberta do dolmen de Dombate, ata 25.000 partidas que se modificaron para priorizar estes dez millóns de euros que son os que fomos capaces de rascar cando temos oitenta millóns de euros, noventa millóns de euros entre remanentes e superávits dispostos cando nos autoricen para inxectar máis na economía da provincia.

Polo tanto, eu como dicían agora os meus compañeiros, moitísimas grazas por apoiar o modificativo, pero sobre todo por apoiar o tecido de 83.000 autónomos e autónomas que están esperando por este gran de area, que ten unha cantidade importante, se temos en conta que para a provincia da Coruña son dez millóns de euros, vinte millóns de euros en total nun mes de dous Plenos que levamos celebrado, e dezaseis millóns de euros que para toda Galicia aproba a Xunta de Galicia hai escasamente unhas semanas. Polo tanto, é unha cantidade, dígoo por ver o esforzo que supoñen estes vinte millóns de euros que, como digo, é un esforzo máis alá de a quen lle toque asinar a proposta, que é unha simple anécdota, é un proxecto que van apoiar todos os Grupos políticos e que é un proxecto en medidas que podemos ensinar con orgullo cada un de nós porque é unha medida de todos e de todas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2020 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 21.017.231,40 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**	
CE. Créditos extraordinarios:	214.663,55	Remanente de Tesourería:	10.934.601,40
SC. Suplementos de crédito:	20.802.567,85	Baixas por anulación:	10.082.630,00
Total aumentos:	**21.017.231,40**	**Total financiamento:**	**21.017.231,40**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	**Altas**	**Baixas**
1. Gastos de persoal	102.131,40	0,00
2. Gastos correntes	1.275.000,00	2.557.600,00
3. Gastos financeiros	450.000,00	20.000,00
4. Trans. Correntes	11.797.006,89	2.998.900,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	120.100,00	536.130,00
7. Trans. de capital	7.272.993,11	3.970.000,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	**21.017.231,40**	**10.082.630,00**

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	**Altas**
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Enaxenación investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	10.934.601,40
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	**10.934.601,40**

2.- Aprobar igualmente a modificación da BASE 53ª das de execución do orzamento para o exercicio 2020 no senso de que:

Onde di:

"1. No orzamento ao que se refiren estas bases téñense dotado créditos orzamentarios para atender as subvencións que se detallan no seguinte cadro, cuxa concesión directa deberá tramitarse conforme ao previsto na Sección Segunda do Capítulo II da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias. Igual procedemento haberá de seguirse para a eventual concesión directa ao longo do exercicio orzamentario de calquera outra subvención nominativa non prevista seguidamente.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NIF ENTIDADE	NOME ENTIDADE	OBXECTO	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE CONSIGNADO
0111/3344/481	G15154610	Mesa pola Normalización Lingüística (A MESA)	A liña do galego 2020		34.000,00
0111/3344/481	G70325683	Asociación Cultural Correlingua	Correlingua 2020		20.000,00
0112/3269/45390	Q6550005J	Universidade da Coruña	Cátedra de dereito administrativo		20.000,00
0112/3335/46201	P1503000J	Concello da Coruña (IMCE)	Xestión compartida Teatro Colón		250.000,00
0112/462/453.90	Q1518001A	Universidade Santiago de Compostela	Escola de práctica xurídica. Gastos de funcionamento e prácticas do alumnado.		48.000,00
0510/333.1/481	G15944564	Fundación EXPONAV	Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da construción naval		125.000,00
0510/334.1/462.01	P1501600I	Concello de Camariñas	Encaixe de Camariñas		120.000,00
0510/334.1/462.01	P1504400A	Concello de Malpica de Bergantiños	Mostra Olería de Buño		80.000,00
0520/172.21/481	G15620651	Fundación Santiago Rey Fernandez-Latorre	Proxecto Voz Natura 2020		72.000,00
0611/231.21/462.01	P1503100H	Concello de Culleredo	Mantemento xeral e reserva de prazas no Centro Ocupacional "A Escada"		70.000,00
0611/231.21/462.01	P1501900C	Concello de Carballo	Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias		30.000,00
0611/231.21/467.01	P1500011J	Consorcio As Mariñas	Servizo de asesoría xurídica social especializada		60.000,00
0611/231.21/481	V15279219	Comité Ciudadano Anti-Sida da Coruña (CASCO)	Mantemento da rede de pisos de acollida		60.000,00
0611/231.21/481	G15798655	Fundación Paideia Galiza	Programa de voluntariado social en países europeos		17.000,00
0612/334.1/481	Q15680003F	Real Academia Galega	Programación do ano 2020		60.000,00
0612/334.1/481	Q1568002H	Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario	Programación do ano 2020		20.000,00
0612/334.3/467.01	P6503001G	Consorcio para Promoción Música de La Coruña	Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no 2020		1.500.000,00
TOTAL SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS ANO 2020					**2.586.000,00**

[…]

5. Con carácter xeral, o importe das subvencións nominativas que se tramiten no exercicio 2020 non debe superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado. Exceptúanse do disposto anteriormente as subvencións nominativas nas que o Pleno poida acordar, por razóns de excepcional interese público, o financiamento total da actividade ou proxecto,

unha vez que a entidade beneficiaria teña acreditado a imposibilidade de realizar achega ningunha e que a súa promoción da actividade ou proxecto resulta máis eficientenanciamento do custo total da actividade ou proxecto subvencionado, o financiamento do custo total.

[…]"

Debe dicir:

"1. No orzamento ao que se refiren estas bases téñense dotado créditos orzamentarios para atender as subvencións que se detallan no seguinte cadro, cuxa concesión directa deberá tramitarse conforme ao previsto na Sección Segunda do Capítulo II da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias. Igual procedemento haberá de seguirse para a eventual concesión directa ao longo do exercicio orzamentario de calquera outra subvención nominativa non prevista seguidamente.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NIF ENTIDADE	NOME ENTIDADE	OBXECTO	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE CONSIGNADO
0111/3344/481	G15154610	Mesa pola Normalización Lingüística (A MESA)	A liña do galego 2020		34.000,00
0111/3344/481	G70325683	Asociación Cultural Correlingua	Correlingua 2020		20.000,00
0112/3269/45390	Q6550005J	Universidade da Coruña	Cátedra de dereito administrativo		20.000,00
0112/3335/46200	P1503000J	Concello da Coruña (IMCE)	Xestión compartida Teatro Colón		250.000,00
0112/462/453.90	Q1518001A	Universidade Santiago de Compostela	Escola de práctica xurídica. Gastos de funcionamento e prácticas do alumnado.		48.000,00
0520/172.21/481	G15620651	Fundación Santiago Rey Fernandez-Latorre	Proxecto Voz Natura 2020		72.000,00
0611/231.21/462.01	P1503100H	Concello de Culleredo	Mantemento xeral e reserva de prazas no Centro Ocupacional "A Escada"		70.000,00
0611/231.21/462.01	P1501900C	Concello de Carballo	Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias		30.000,00
0611/231.21/467.01	P1500011J	Consorcio As Mariñas	Servizo de asesoría xurídica social especializada		60.000,00
0611/231.21/481	G15279219	Comité Ciudadano Anti-Sida da Coruña (CASCO)	Mantemento da rede de pisos de acollida		60.000,00
0611/231.21/481	G15798655	Fundación Paideia Galiza	Programa de voluntariado social en países europeos		17.000,00
0612/334.1/481	Q1568003F	Real Academia Galega	Programación do ano 2020		60.000,00
0612/334.1/481	Q1568002H	Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario	Programación do ano 2020		20.000,00
0612/334.3/467.01	P6503001G	Consorcio para Promoción Música de La Coruña	Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no 2020		1.500.000,00
TOTAL SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS ANO 2020					**2.261.000,00**

[…]

5. Con carácter xeral, o importe das subvencións nominativas que se tramiten no exercicio 2020 non debe superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado. Exceptúanse do disposto anteriormente as

subvencións nominativas nas que o Pleno poida acordar, por razóns de excepcional interese público, o financiamento total da actividade ou proxecto, unha vez que a entidade beneficiaria teña acreditado a imposibilidade de realizar achega ningunha e que a súa promoción da actividade ou proxecto resulta máis eficiente, aínda co financiamento do custo total coa subvención, que a contratación directa da mesma pola Administración.

[…]"

3.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

*Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamaci*ións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

*Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Conseller*ía de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

5.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

6.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2020 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio neste mes, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

18.- Aceptación da delegación de competencias en tributarias do Concello de Muros (IIVTNU)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Muros na sesión plenaria celebrada o 30 de outubro de 2019 en relación coas seguintes materias:

Xestión, inspección e recadación tributaria voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU).

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre xestión das residencias

No ano 2010, a Xunta de Galicia vendía a súa participación do 45% en SOGASERSO, Sociedade Galega de Servizos Sociais, o ente posto en marcha polo Bipartito para a construción e xestión de residencias de maiores que estaba participada noutro 55% por unhas caixas, Caixanova e Caixa Galicia, que comezaban naquela altura o seu proceso de fusión. A sociedade tiña previsto abrir, ademais, catro novos centros, en Vimianzo, Viveiro, Monforte e Ourense, que aumentarían en 700 as prazas dispoñibles en residencias de maiores. Coa venda da súa participación de SOGASERSO, declara a noticia do 7 de xullo de 2010, a conselleira de Benestar, Beatriz Mato “non deixaba nada en pé do modelo de benestar que construíu o exvicepresidente Anxo Quintana para as políticas de Benestar”.

O colapso de Novacaixagalicia, seguido do fracaso de NCG Banco, supuxo a posta en venda de maneira precipitada da totalidade dos seus activos entre os que se atopaban as súas participacións no sistema público de residencias de maiores, SOGASERSO, así como o resto de residencias xestionadas directamente polas antigas caixas e agrupadas en Geriatros. O fondo de investimento de capital portugués Magnum Capital pasa a ser, logo da venda, propietaria por 300 millóns de euros de Geriatros no ano 2012, que é vendida á súa vez, no 2015, a outro fondo de investimento, neste caso francés: PAI Partners.

En 2017, o antigo sistema público de xestión do sistema de residencias para maiores está xa completamente en mans privadas e pasa a ser denominado Domus VI, sendo dirixido pola antiga funcionaria de Facenda Josefina Fernández e acumulando moreas de denuncias de traballadores e usuarios sobre a calidade do seu servizo por incumprir de xeito sistemático coas ratios de persoal requiridas, tal e como puña de manifesto no seu informe o Consello de Contas en 2017. Aínda así, esta empresa resulta gañadora do premio Galicia Global que outorga a Consellería de Industria en 2019, e presenta uns beneficios netos anuais de 20 millóns de euros.

Co estoupido da pandemia é cando se poñen de manifesto con toda a súa crueza os efectos das políticas privatizadoras que deixaron en mans de empresas movidas unicamente polo afán de lucro a curto prazo a saúde dos nosos maiores: 274 persoas usuarias de residencias da terceira idade morreron en toda Galicia desde o comezo da crise do COVID 19, un 44% do total. Todas as mortes menos unha rexistradas en residencias privadas, e destas, medio cento nas tres residencias do grupo Domus VI de Cangas, Vigo e Compostela.

Ao longo das últimas semanas, e mentres se sucedían as denuncias por vía penal dos familiares das persoas mortas nestas residencias e do persoal sanitario infectado, fomos coñecendo máis en detalle as graves deficiencias e irregularidades na xestión destes centros privatizados de coidado de persoas da terceira idade. Esta mesma semana soubemos que a directora do centro de San Lázaro, Gloria García, remitiulle unha carta o pasado 25 de abril aos familiares dos usuarios denunciando que Xunta de Galicia tardara catro días en autorizar a hospitalización de persoas afectadas polo Coronavirus, os transcorridos entre o 18 e o 22 de marzo, cando son trasladados á residencia integrada Porta do Camiño “unicamente os máis válidos, os máis autónomos”.

A xestión da crise do Coronavirus nestas residencias amosan, como xa dixemos, as consecuencias fatais da privatización dun servizo público esencial como debería ser o do dereito á saúde e presenta, ademais, multitude de dúbidas, incertezas e lagoas sobre a calidade da súa xestión durante a pandemia.

Por todo o exposto, propoñémoslle ao Pleno da Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1 A Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a constituír unha comisión de investigación co fin de coñecer en detalle a xestión sanitaria e asistencial das residencias que forman parte de Domus VI antes, durante e despois da crise do Coronavirus.

2 A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a presentar un plan de atención integral ás persoas da terceira de Galicia asentado no principio da xestión pública e directa deste servizo.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, antes de defender esta moción e para non engadir máis tempo ao consumido do punto anterior do modificativo, simplemente dicir que non debemos considerar o investimento en cultura como gasto improdutivo ou gasto superfluo, finalmente hai unha achega considerable ao PIB tanto estatal como autonómico deste sector, entón eu creo que facer a caricatura da xente que vai co tamboril, coa gaita, non sei onde, non é exactamente do que estamos falando. Insisto, eu creo que debemos ter coidado con isto, con considerar que a cultura non é un sector produtivo ou que non é un sector que engada un valor á sociedade e á economía, que é o que é, de feito son números considerables os da súa achega ao PIB. Polo tanto, pediría certa cautela con ese discurso en termos desarrollistas ou en termos produtivistas cun sector que eu creo que, desde ese punto de vista, desde o punto de vista tamén do valor engadido e produtivo tamén desde logo un inmenso valor.

Sr. Presidente

Simplemente un matiz. Sabes que este Goberno nese sentido é supersensible, sobre todo como dicía Bernardo antes, aos profesionais da cultura. Nese sentido creo que hai mostras habidas de que é así, o que si que é certo é que nesas partidas culturais, o Festival Folk de Ortigueira non se vai celebrar, entón, refírome a que unha boa parte desa redución vén pola vía de que tampouco imos ir, por exemplo en turismo, todos os eventos que hai ao longo do ano que consume unha boa parte do orzamento de turismo, non se van celebrar, quere dicir que a maior parte das reducións son nesas vías. Claro que nós tivemos moitísimo coidado, moitísimo coidado desde a área de Cultura, e un debate profundo e enorme, enorme, co deputado de Cultura, que o felicito nese sentido a súa sensibilidade, que nos fixo moita pedagoxía, instruíunos, nese mesmo discurso que ti defendes, e polo tanto tivemos moito coidado de distinguir unha cousa e outra. Non pretendía caricaturizar, pero si que é certo que en calquera caso pretendía poñer negro sobre branco que había dous tipos de liñas que a Deputación ten en marcha en cultura. Perdoa, Alberto.

Sr. Lema Suárez

Estou de acordo, creo que nos entendemos perfectamente, presidente.

A moción que traemos aquí fai referencia, digamos que creo que coincide neste momento, neste presente histórico están dalgunha maneira chegando, vivindo as consecuencias de decisión que se tomaron en épocas precedentes, non tan afastadas de nós, a cuestión de antes de Alcoa son decisións que se tomaron nos 90, e agora neste caso, nesta moción, fai referencia ao que era un antigo, o que foi un sistema de residencias para anciáns público ou semipúblico, que era o Sogaserso, que tamén foi no seu momento privatizado, e que despois amosou hoxe, recentemente, as consecuencias desta privatización que é, basicamente, un empeoramento da calidade dos servizos con consecuencias para a saúde. Eu detesto empregar certa linguaxe, que me parece excesivamente dramática, pero sen dúbida

este tipo de políticas tiveron consecuencias para a saúde pública, sen dúbida tiveron consecuencias para a saúde pública e estamos falando dun dereito fundamental.

SOGASERSO, que hoxe é máis coñecida como DOMUSVI, era un sistema de residencias, como dixen, posto en marcha pola Xunta do bipartito no seu momento, que foi privatizado en tempo récord, no ano 2010. Quen dirixía, e eu creo que vou poñerlle nome e apelidos a estas cuestións, eu creo que hai xente que teme á historia, creo que é un mal síntoma temer á historia, creo que cadaquén ten que ser responsable e ten que responder sobre aquelas cuestións que foron da súa competencia e a súa responsabilidade. Quen privatiza, por poñerlle nome e apelidos a esta cuestión, o servizo SOGARSESO, Sociedade galega de Servizos Sociais, é a daquela conselleira de Benestar, Beatriz Mato que, hoxe en día, insisto, a verdade é revolucionaria, hoxe en día é membro do Consello de Administración dunha enerxética galega, Greenalia, isto non ten por que parecerlle mal a ninguén porque os feitos son así de teimudos e así de testáns.

Nós pensamos que a xestión desta empresa, deste servizo público cando xa se converte en empresa, cando polo tanto é privatizado, deixou moito que desexar. Hai que ter en conta, xa non só a acumulación de casos e de mortes neste servizo, en DOMUSVI, senón que xa existían precedentes nun informe no Tribunal de Contas que se cita nesta moción, creo que do ano 2017, xa se advirte, -o do Consello Consultivo, non o teño aquí a man, pero dunha das dúas-, advírtese da mala calidade e as moitas deficiencias detectadas na prestación deste servizo, tanto desde o punto de vista laboral, das ratios de persoal sanitario requiridas por número de usuarios, como nos propios usuarios, había queixas recorrentes que chegaron, iso, a un informe, se non me equivoco, do Tribunal de Contas, non, do Consello Consultivo, debe ser.

Esta cuestión ten aínda eu creo que unha evolución aínda eu creo que máis, que pon aínda máis de manifesto unha maneira de facer, de celebrar, a venda, a mala venda, o malbaratamento de certos servizos públicos esenciais, como son o servizo público do dereito á saúde, que é que no ano 2019 a Consellería de Industria, existe en Galicia unha Consellería de Industria, concédelle o seu premio Galicia Global a esta empresa, a DOMUSVI, por suposto cando xa transcorreron dez anos da súa privatización, concédelle un premio Galicia Global pola súa internacionalización, hai que dicir que xa formaba parte a estas alturas o ano pasado dun fondo de capital estranxeiro, capital francés neste caso, e que por suposto espallaba os seus servizos por outros territorios. Hai un ano exactamente, ironía, ironía tremenda, recibía por parte da Consellería de Industria un premio esta empresa, que foi privatizada, e que agora amosa as consecuencias daquela privatización e que xa foron advertidas estas consecuencias por parte do Consello Consultivo, do cal, por certo, o conselleiro de Industria cando lle concedeu este premio, debía ser consciente entendo, debía ser consciente de que había detectadas deficiencias, detectadas malas prestacións de servizo nestas residencias para anciáns. O cal, insisto, para min é un dos agravantes do que non deixa de ser un exemplo máis de cara a onde nos levan as políticas neoliberais e as políticas privatizadoras.

Nós entendemos que esta situación esixe unha investigación por parte das autoridades públicas para esclarecer os feitos. Por iso no capítulo resolutivo da nosa moción propoñemos dous puntos. O primeiro punto di: "A Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a constituír unha comisión de investigación co fin de coñecer en

detalle a xestión sanitaria e asistencial das residencias que forman parte de DOMUSVI, antes, durante e despois da crise do coronavirus". Por último, en segundo lugar: "A Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a presentar un plan de atención integral ás persoas da terceira idade de Galicia, asentado no principio da xestión pública e directa deste servizo". Moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nós, o outro día na Xunta de portavoces fixéramos unha proposta de incorporación no que era a exposición de motivos, das demandas dunha plataforma de familiares e tamén no que era na parte de acordos. Ao non terse modificado o texto, e en esencia a exposición de motivos fai un relato que realmente nos leva a debater o posicionamento en relación a un modelo ou outro, o que queriamos facer era unha proposta de emenda nos acordos para propoñer que a Deputación provincial da Coruña insta ao Parlamento de Galicia á creación dunha Comisión de estudo que analice as deficiencias detectadas por xestores, familiares e traballadoras nas residencias de maiores e propoña un novo modelo de xestión que garanta a calidade e permita avanzar na xestión pública destes servizos. Aceptas a emenda?

Sr. Lema Suárez

Si aceptamos.

Sr. Presidente

Non se pode admitir

Sr. Secretario

O Regulamento o que di é que a moción será obxecto de emendas se están na orde do día sempre e cando o Grupo promotor acepte a súa inclusión, presentaranse por escrito cunha antelación mínima de vinte e catro horas respecto da data de inicio da sesión plenaria, agora ben, se quere presentar como moción independente urxente, habería que votar a urxencia, pero como moción independente. É unha cuestión formal

Sr. Lema Suárez

Nós non temos ningún problema en aceptala se se pode presentar, claro.

Sr. Presidente

Se a retiramos e a deixamos para o próximo Pleno e facémola ben, e deixámola para o próximo Pleno.

Sr. Lema Suárez

Non, non imos retirar a moción, evidentemente.

Sr. Presidente

Unicamente presentar unha nova in voce agora.

Sr. Secretario

Pódese ler, declarar a urxencia, e despois votar unha moción independente.

Sr. García Seoane

Oín mal ou hai unha moción, e hai un Grupo político que mete unha addenda a esa moción, e se a acepta o Grupo que presenta a moción, non hai ningún problema.

Sr. Presidente

Tiña que terse presentado corenta e oito horas antes. A fórmula sería esa, presenta unha moción acordando eses puntos se vos parece. Sería presentar unha moción con eses puntos que serían os acordados, ratificaríase a súa urxencia e votaríase.

Sr. Lema Suárez

Acaba de propoñer o secretario o feito de que se vote a urxencia da proposta do Grupo BNG, e que finalmente se vote como unha moción independente, a min paréceme perfecto, eu creo que é a única saída que vexo que existe agora tecnicamente, non falo en criterios políticos. Nós imos manter a moción no contido que está porque foi presentada en tempo e forma hai dúas semanas.

Sra. Muíño Filgueira

Sobre todo agradecerlle a Alberto a boa disposición para chegar a un acordo agora. Debatemos a moción.

Sr. Presidente

Debatemos a moción tal e como está, e punto.

Sr. García Seoane

Na Comisión informativa eu estou de acordo en que se investigue indubidablemente, porque hai un montón de centros por todo o país, e agora mesmo nalgún caso tamén incluso en Galicia estase falando dalgunha residencia que pode haber, pero a noción que eu teño no caso de Oleiros, un municipio onde hai varias residencias, por certo, non unha, hai catro residencias, non se deu un caso, excepto nunha, dun traballador, e na que era oficial, a da Xunta de Galicia, a que pertence, que ten case cerca de catrocentos usuarios, non cincuenta cinco nin setenta e cinco, e non se deu ningún caso. Por tanto, quero deixar claro isto, que no caso de Oleiros a administración galega non foi un caos neste caso, agora isto non quere dicir que non haxa que analizar naqueles outros lugares, que é o que pretende a moción de Alberto. Polo tanto, nesa liña si, pero deixar claro que en Oleiros non foi o caso que se está

denunciando aquí, que si pasou noutros lados.

Sra. Gallego Neira

Grazas. Antes de nada, o informe do Consello de Contas analiza os anos 14, 15, 16 e 17. Sinala algunhas infraccións dos anos 14 e 15, que foron corrixidas e nos anos 16 e 17 non pon de manifesto ningunha deficiencia, ningunha. Eu invito a ler informes do Consello de Contas dalgúns concellos, onde presiden aquí algúns deputados, o da Coruña da túa época Alberto, que nolo deron hai pouquiño, podes botarlle unha ollada, o Consello de Contas precisamente remarca esas posibles deficiencias, os repartos, etc.

Evidentemente, ben, a Xunta está actuando con total contundencia nos casos nos que se detectou algunha posible irregularidade, totalmente de acordo con Gelo, a incidencia nas residencias, obviamente, e isto vaia por diante, lamentar calquera falecemento, as residencias, por suposto, grupo de maior risco por idade, obviamente, e fóra das residencias. Se algo nos demostrou esta pandemia é que entrou ata na Moncloa, non distinguiu entre público e privado. Entón, o que non se pode facer, dunha pandemia que impactou en todos os ámbitos, facer unha guerra política, que é o que estades intentando facer para intentar rabuñar algún voto.

Que se investiguen todos os casos?, iso xa o está facendo a Xunta, as inspeccións necesarias, xa o está facendo a Xunta. Entón, eu creo que é unha moción política, de feito non se quixo cambiar para que non vaia máis alá do 12 de xullo para ver se se pode facer algo de dano. Qué fixo a Xunta? anticipación e contundencia, e tanto é así que a estratexia da Xunta para romper a cadea de contaxios foi copiada por outras comunidades autónomas. Antes de declararse o estado de alarma, o 13 de marzo, Galicia xa contaba cun protocolo de actuación para os centros de servizos sociais. En Galicia a autoridade sanitaria asumiu a tutela de todas as residencias, tanto das públicas como das privadas. Galicia puxo en marcha as primeiras residencias integradas, a do Puerto del Camino de Santiago, os Milagros en Baños de Molgas, varios días antes que outras comunidades autónomas.

O 30 de marzo Galicia interviña xa as residencias privadas, aquelas que tiñan un elevado número de contaxios. Galicia reforzou con 1013 profesionais o persoal das residencias. En Galicia conseguimos e adquirimos material de protección para as residencias, a pesar de que o Goberno central, o seu vicepresidente, Iglesias, se comprometeu a centralizar a subministración e a facerse cargo das residencias. Galicia realizou probas de detección da Covid19 ao cen por cento dos usuarios e traballadores das residencias. Galicia actuou con total transparencia, leva máis dun mes achegando os datos desde o principio das residencias ao Goberno central, é o Goberno central o que non dá os datos das residencias por comunidades autónomas.

En Galicia, de Europa, de España, foi, nas residencias de Galicia, foi das que menor incidencia tiveron. Máis do 80% dos falecementos por coronavirus dos usuarios das residencias concéntranse en doce centros, doce centros que supón o 2,5% de todos os centros residenciais, no resto non houbo falecementos. Entón, estamos facendo unha demagoxia que non se debería facer.

Como actuou o Goberno central?, Galicia tivo que enfrontarse á pandemia nas

residencias sen contar co apoio do Goberno central, e iso é así. O mando único estatal deixou á marxe os centros onde viven as persoas máis vulnerables, que son os maiores, e as persoas con discapacidade. O 19 de marzo, o Sr. Iglesias cualificouse como mando único das residencias de maiores, o pasado 22 de marzo, o vicepresidente Pablo Iglesias informou por correo electrónico ás comunidades, e por redes sociais, e tamén o filtrou aos medios, que cando unha residencia tivera problemas, o Goberno central acudiría ao rescate co exército. Pois que fixo o exército?, vir desinfectar os centros. Que protocolos aplicou o vicepresidente?, ningún, ningún, cero. Entón, deixar as funcións do Goberno central, que é manifesta, chegou ao extremo de que a Xunta tivo que subministrarse, autosubministrarse material, aos centros de discapacidade, incluso aos que o executivo central ten en Galicia, como son o de Bergondo e o de Ferrol.

Entón, lecciónes eu creo que moi poucas, demagoxia política moita pola súa parte, e os galegos saben moi ben o que pasou en Galicia durante este tempo.

Sra. Muíño Filgueira

Primeiro, entendo que por unha cuestión de formas, non por ser reiterativa, habería que emendar igual os acordos da moción ao dirixirse á Xunta de Galicia e non ao Parlamento, entón se hai que facer esa corrección, non sei se hai posibilidade de recoller a proposta de emenda que facemos ao tempo, e de non ser así o que lle queremos propoñer a Alberto é que se poida votar por puntos.

Coincido con Rosa nunha cousa que é que vimos de vivir momentos moi dramáticos e que é terrible empregar ás vítimas para sacar rédito político, sexa para ben ou para mal, e coincido en que esa non é a cuestión. Que si, que lamentablemente nas residencias houbo unha incidencia moitísima máis elevada da enfermidade da Covid que no que se refire á poboación xeral, e que nas residencias de maiores evidentemente están vivindo as persoas que resultan máis vulnerables a esta pandemia. Iso non nos debe de levar tampouco a pensar que non debemos de facer unha reflexión e unha crítica porque se hai responsabilidade política, e si que a hai, é no momento en que escollemos un determinado modelo, e o que tampouco se pode discutir é que desde hai once anos o Partido Popular, gobernando a Xunta de Galicia, adoptou e abrazou o modelo da privatización. Desde hai once anos non se crea unha soa praza pública residencial en Galicia, si que é certo que se ampliaron número de prazas, e ampliáronse en forma de contrato, en forma de concerto, ou en forma de bonos para poder asumir o pagamento de residencias cando non podiamos acceder a unha privada, pero non se fixo o esforzo de crear esas prazas públicas, prazas residenciais, que desde 2017 si que estiveron servindo como promesa constante de ampliar o número de prazas residenciais en Galicia, e aí estamos.

Eu si que creo que para valorar debidamente esta cuestión está ben facer un repaso polo que é a realidade do país, estamos falando de que Galicia conta xa con máis dun 25% da poboación con máis de 65 anos, estamos falando dun país altamente envellecido, de feito un dos que ten as taxas de envellecemento máis altas de Europa. Tamén estamos falando dun país, e non é para chufarse, que ten as pensións máis baixas do estado español, só por debaixo de Estremadura. Ademais estamos falando dun país no que os nosos maiores nin de lonxe escollen as residencias como primeira opción cando falamos dun recurso de atención á

dependencia, senón que escollen este recurso como última opción, e aínda así as prazas son insuficientes. E verdade, e estou segura, por iso quería separar esta cuestión, quería falar que o peso das cifras, euros, prazas, cousas que estou ben segura que van xurdir, cando falamos de servizos ás persoas, sobre todo cando falamos de servizos ás persoas para a atención á dependencia ou promoción da autonomía, que son un dereito, hai cousas que son tan importantes como o canto, é moi importante o que, e aí coincidimos en que o que é prestar servizos ás persoas maiores de Galicia, e de feito a Consellería de Política Social encabeza a súa páxina web facendo mención aos principios das Nacións Unidas en favor das persoas de idade, e fai relación á calidade dos coidados, e fai relación á dignidade, e ese é o que. Pero algo que é moi importante, e que todo o mundo que entende algo de servizos é o como, e o como tamén marca a diferenza. O como do PP na Xunta de Galicia foi a través dun modelo privatizado, e iso correspóndese cunha elección lexítima e política, pero que crea diferenzas e desigualdades. Nun país con prazas insuficientes, o que é realmente un compromiso coas necesidades dos maiores de Galicia é ampliar o número de prazas, e amplialas a través dunha rede pública que garanta o acceso a todas as persoas con independencia dos seus ingresos económicos, e iso está recollido neses principios da declaración da ONU, que encabezan a páxina da Consellería de Política Social.

Outra cuestión é que en Galicia a xente é moi reticente a abandonar as súas contornas de orixe. Un modelo ben distribuído a través do territorio tamén é un compromiso e é darlle resposta ás necesidades das persoas galegas. Non facelo, elixir un modelo privatizador, ou privatizado, ten consecuencias. Non son eu a que vaia dicir que as consecuencias sexan un maior número de falecementos nas residencias privadas, pero o que si que teño claro é que crea desigualdade porque non todas as persoas reciben servizos rexidos polos mesmos criterios. Depende á residencia a que vaias, na que collas co bono ou coa que se concerte a túa praza, vas ter unha atención ou outra.

Os centros privados son un negocio, e é así. DOMUSVI, efectivamente, foi premiada por ser quen de desenvolverse, estenderse no territorio, ampliar o seu número de prazas, e ademais facturar unha cuantiosa cantidade de millóns de euros. Son un negocio, e o negocio non é prestar os servizos coa máxima ratio á máxima calidade, o negocio está nesas demandas e denuncias que expresan os familiares e as traballadoras deses centros. E entón eu si que considero que é un momento de render contas, que a xestión estivo lonxe de ser excelente, e que privatizar é un camiño lexítimo, é unha decisión política e que, evidentemente, o BNG non comparte.

Pero eu tamén entendo que é o momento de corrixir o rumbo, de ampliar prazas, de apostar pola calidade con igualdade de oportunidades, que require dunha rede pública forte e que é preciso apostar de xeito decidido pola súa ampliación, decisión que ata o día de hoxe seguimos esperando.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós compartimos a reflexión do punto dous desta moción e o que comentaba a compañeira do BNG sobre a xestión pública deste tipo de instalacións ou de institucións. En todo caso nós se a moción non se retira, non comprendemos primeiro por que non se retira para poder consensuala, que ademais é algo que se propuxo na

xunta de voceiros, por parte da nosa compañeira de Goberno e voceira do BNG, que propuxo que se tiveran en conta as propostas que se nos fixeron chegar por parte das asociacións de familiares, algo que non se incluíu finalmente na moción da Marea, de aí que por iso solicitemos que se retire para aprobar no seguinte Pleno. Non sei se, porque estiven relendo a moción, por se acaso se me escapara, que a moción instaba á Xunta aínda que, efectivamente, erroneamente, debía ser ao Parlamento, a que esa Comisión se crease antes do mes que vén, porque senón non entendo cal é o problema para que se poida retirar, consensuar unha moción e presentar no seguinte Pleno, unicamente que nos inflúa aí o período electoral, e eu penso que ese sería un erro gravísimo por parte de todos e todas, sobre todo nunha cuestión coma esta no que hai mortos de por medio, e ademais na que estamos a debater nun período electoral como o que estamos, e penso que fraco favor lle facemos á política en xeral, independentemente da ideoloxía de cadaquén se tratamos estes temas nestes momentos e con certos matices de carácter electoral que eu penso que deberían de quedar totalmente alonxados de calquera debate pero, sobre todo, dun debate destas características no que estamos a falar da saúde das persoas e de persoas que perderon a súa vida. Polo tanto, non entendemos que a moción non se poida retirar para consensuala, honestamente Alberto o digo, é máis, porque falamos de incluír certos puntos na Xunta de voceiros, que ao final non se incluíron.

Tampouco comparto, inicialmente Rosa diría que empezaches ben e fuches a peor, é dicir, unha exposición de motivos medianamente razoable e responsable na defensa da xestión da Xunta, que é lícito, pero claro, utilizamos o mesmo argumento para defender á Xunta e o argumento totalmente contrario para darlle paus ao Goberno do Estado, é dicir, se morren moitos a culpa é do Goberno, se morren poucos é grazas á Xunta. Penso que ese argumento tamén resta certa credibilidade a quen o expón, e ademais nos alonxa dese espírito que é concorde e que debería de embargarnos nunha situación destas características. Penso que pode haber responsabilidades seguramente de todas as administracións, e se somos medianamente responsables, quero repetir novamente ese termo, deberíamos de asumilo porque as competencias en materia sanitaria ata o estado de alarma estaban nas comunidades autónomas, etc., etc., e, polo tanto, para ben ou para mal, penso que se hai algo que achacar temos que achacalo ao conxunto das administracións que teñen competencia nas materias que estiveron directamente relacionadas con esta problemática. E a min non me gusta o debate que hai a nivel estatal botándose os mortos en cara, e tampouco me gusta que se faga, loxicamente, nunha institución na que eu participo como é a Deputación Provincial da Coruña. Polo tanto, repito, se non se retira esa moción, e se en tal caso, se se vota por puntos, nós absteriámonos no punto número un e votaríamos a favor no punto dous. Ademais de que unha comisión de investigación, no momento que xa hai unha investigación por parte da Fiscalía, queda totalmente invalidada, e xa hai unha investigación por parte da Fiscalía.

Non tirarei de aquel argumento que se daba, non recordo de quen foran estas verbas, que dicía que se queres que algo non se saiba, crea unha comisión de investigación, ademais unha comisión de investigación que no Parlamento ten unha maioría neste caso do Partido Popular, que é quen ten o Goberno da Xunta, e polo tanto sabemos como se acaban finiquitando este tipo de comisións. Polo tanto, se nos interesa realmente dilucidar que é o que pasou, xa hai unha investigación por parte da Fiscalía, de aí que a addenda que propoñemos os dous Grupos do Goberno fora que

se creara unha comisión de estudo precisamente, sobre todas esas deficiencias que detectaron tanto familiares, como persoal, como xestores desas residencias, que as houbo, porque senón loxicamente non se desencadearía a situación que se desencadeou, pero tamén que estude novas fórmulas de xestión desas residencias, volvendo a ese espírito de que sexan xestionadas desde o público, que a saúde das persoas porque a fin de contas unha residencia ten moita relación coa saúde das persoas e aínda por riba na última parte do seu percorrido vital, estea en mans das administracións públicas e non de empresas privadas.

Dito isto, nós non imos entrar nese pim pam pum que estamos a ver agora de quen é máis responsable ou quen menos responsable, fago, incidindo nesa idea, un chamamento á responsabilidade para que se retire e se poida consensuar por todos os Grupos que conformamos esta Deputación, que penso que é o que demandan as familias e os afectados e eu penso ademais, sobre todo e o máis importante, que é o que lle debemos ás vítimas. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Vai ser difícil contestar a todo, tentarémolo.

Sr. Fernández, nós intentamos ser serios. Este Pleno outorgouse a si mesmo unhas normas de funcionamento, que están recollidas no seu Regulamento orgánico provincial, que establecen uns períodos para a presentación de mocións a Pleno. Nós somos un Grupo unipersoal que cumpriu con eses requisitos, presentou en tempo e forma esta moción, vostedes, tanto o Partido Popular como o BNG, como o Partido Socialista dispoñen exactamente dos mesmos límites temporais ca nós, dispoñen de máis medios persoais para facer as emendas e presentar as mocións que queiran. Vostede estame pedindo agora a min aquí no Pleno que retire esta moción, vostedes tiveron exactamente ata hai 48 horas prazo sobrado para presentar as emendas que quixeran, non o fixeron. Polo tanto, se nós intentamos xogar coas normas, intentamos ser serios, creo que estamos lexitimados a esixirlles a vostedes a mesma seriedade, por favor, un pouco de seriedade. Polo tanto, se vostedes queren que se emende, que esta moción, como creo que era a proposta de espírito inicial do BNG, se acolla con outro tipo de sentido, e fagamos unha moción conxunta, hai posibilidades legais, teñen vostedes un secretario do Pleno para asesoralos, para dicirlles cal é a maneira de que os asuntos que se presenten aquí vaian máis axustados ás finalidades que vostede procura, pero chegar aquí a última hora e dicirnos pasando absolutamente dos prazos e termos legais, dicirnos agora que a retiremos, a verdade é que non, a verdade é que non, porque xa lle digo, máis alá do fondo do asunto, hai unha cuestión case, case de trato, entón tratemos de ser serios, tratemos de facer as cousas cando toca. Se se presenta nos prazos e formalmente que debe presentarse unha moción alternativa, unha emenda, unha transacción a esta moción, nós estamos encantados de acollela, de feito a proposta que acaba de facer a compañeira María Muíño, efectivamente, non é á Xunta de Galicia a quen ten que dirixirse o primeiro punto, é o Parlamento de Galicia, a min paréceme perfecto, unha corrección material de erros que se podería ter incorporado a esta moción se é posible. Eu o que creo, sinceramente, é que creo que podemos esixir que funcionemos todos coas mesmas normas que nós votamos e que son as mesmas para este Grupo unipersoal que para o seu que son uns cantos deputados máis. Polo tanto, por favor, certa seriedade, despois voten vostedes o que lles pareza.

Electoralismo, claro, a min paréceme difícil non falar da xestión sanitaria da pandemia, paréceme difícil non falar, o exercicio de abstracción e de autocensura paréceme o contrario, paréceme difícil non falar disto, en serio. A qué tipo de consensos nos obrigamos a chegar?, eu non pronunciei a palabra mortos, pronúncioa agora citando a outro compañeiro, non o vou facer, é unha cuestión de estilo, non é o meu estilo, pero sen dúbida hai consecuencias desta cuestión.

Mire, Sra. Gallego, Pablo Iglesias non estivo detrás do modelo de concertos sanitarios, a primeira iniciativa... Galicia foi un laboratorio neoliberal, e non digo o ideólogo, pero o executor dese laboratorio foi o presidente da Xunta, o concepto, a fórmula de concepto sanitario non é de Pablo Iglesias, é de Alberto Núñez Feijóo, esa é a fórmula, a fórmula descuberta, e é un modelo privatizador, privatizador ademais sobre a sanidade, porque eu creo que ao mellor hai outro tipo de servizos que, sen dúbida, podemos entender que a súa xestión privada pode ser máis argumentable, a xestión sanitaria creo que precisamente non é un deses servizos. Tampouco Pablo Iglesias estivo detrás do que aconteceu no hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, nese momento non era nin vicepresidente, tampouco nese momento, creo que xa era vicepresidente, pero tampouco tivo nada que ver co peche do paritorio de Verín, tampouco, que creo que nalgún tipo de punto dalgunha moción tamén veu a este Pleno, tampouco Pablo Iglesias estaba aí, estaba en todos eses momentos, tampouco a Pablo Iglesias se lle ocorreu o insulto a todo un estamento social e profesional como un bono de 250 euros para gastalo nos bares e establecementos hoteleiros, tampouco se lle ocorreu a Pablo Iglesias, ocorréuselle todo isto ao seu Partido, ao seu Partido. Todo o que acabo de dicir, e que é curto, de feito é insuficiente o tempo e non quero estresar nin aburrir aos compañeiros con todos os argumentos que se poderían sumar ao que acabo de dicir, todo isto é única e exclusivamente responsabilidade do seu Partido. Feitos máis ou menos afastados no tempo e históricos a feitos moi recentes, dos que son responsables unicamente vostedes, e non fago sensacionalismo e non digo que isto se vaia esclarecer no ámbito penal, no ámbito administrativo, eu trato de falar en termos unicamente políticos, e co máximo respecto a todo o mundo que ten unha responsabilidade política porque ás veces intentan facerse ben as cousas, e saen mal. Creo que exactamente non é este o caso, creo que aquí o que se trata de facer é de aforrar, tal vez nun ámbito no que, insisto, e aquí hai un motivo de discrepancia política lexítimo, non se debe aforrar, como é o ámbito sanitario.

E polo tanto as ratios que nos din de mortos en residencias privadas respecto das públicas é de 27 a 1. Domus VI tivo un comportamento especialmente penoso en todo isto, polo tanto, o que se pide, o que se solicita, é que se investigue, non pasa nada. Acabamos de saber agora no Parlamento de Galicia que hai que entregarlle, a petición do deputado Antón Sánchez, uns documentos, unha serie de informes, que se lle negaba acceso a eles, a Xunta de Galicia, que tiñan que ver coa fusión dos bancos, coa fusión das caixas, por certo, a fusión das caixas tamén forman parte desta película porque neste país, dalgunha maneira, é tan pequeno, que todo acaba confundíndose, pero ao final resulta que esa comisión á que se lle negaba acceso a certos documentos, faise eficaz esa obriga e acábase sabendo, tarde, mal e a rastro, como todo, pero finalmente dalgunha maneira ou outra a verdade acaba sempre aparecendo.

Polo tanto, cadaquén que obre a conciencia, desde logo o que esiximos é que se nos trate coa formalidade que nós os tratamos ao resto dos Grupos deste Pleno, se nós presentamos as mocións en tempo e forma que os demais presenten as súas emendas tamén en tempo e forma, e despois que cadaquén vote en conciencia coma sempre. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Se eu non recordo mal, falando de presentar as cousas en tempo e forma e non estou equivocada, o mércores na Xunta de portavoces fíxose unha proposta aquí por parte do BNG de emenda ao texto da moción, na que dixemos que se se aceptaba esa emenda, e se recollían as propostas do texto, presentariámola de xeito conxunto. Hoxe, esas emendas non estaban realizadas e non se fixo, a moción non foi presentada de xeito conxunto, e evidentemente facemos unha proposta que se aliñe un pouco máis co espírito da proposta que xa fixemos o mércores, entendo que o mércores estabamos en tempo e forma, e esa proposta non foi recollida e resolta..., o martes, desculpade, que o mércores foi festivo, e era unha cuestión que eu quería deixar constancia de que este Grupo se expresou na Xunta de portavoces e fixo unha proposta.

Sr. Fernández Piñeiro

Precisamente a iso me refería antes, incidindo nesa cuestión, eu din por feito na Xunta de voceiros, cando o BNG fixo referencia a ese escrito que se fixera chegar por parte dos familiares das vítimas e asociacións, que se incluía na moción da Marea, algo que naquel momento Alberto, polo menos tanto eu como María dimos por feito que se ía incluír, loxicamente quen a ten que incluír é o propoñente, non nosoutros.

Sr. Lema Suárez

Non debo ser eu quen inclúa, quen emende a miña propia moción, terá que ser o Grupo que propón quen tome a molestia de rexistrar a emenda ou a moción alternativa que se propón, non nós, ou en tal caso sería un malentendido polo que pido desculpas, eu non entendía que era responsabilidade miña nin iniciativa miña autoemendar a nosa propia moción, senón que lle correspondía ao outro Grupo.

Sr. Fernández Piñeiro

Alberto, non falamos de emendar, falouse de facela conxuntamente, e para iso houbo unha proposta, loxicamente dando por feito, sería un erro, dando por feito que a faría o Grupo propoñente, é dicir, nós dixemos, "estamos dispostos a facer unha moción conxunta se se inclúen estes puntos", ao que ti contestaches que si, por iso demos por feito que había unha modificación.

Sr. Lema Suárez

En tal caso houbo un erro porque eu non pensaba que tiveramos nós que automodificar a nosa propia moción, laméntoo pero houbo un erro en tal caso.

Sr. Fernández Piñeiro

En todo caso sería un erro dos tres Grupos, pero que quede claro que non é nin por falta de seriedade, nin que por parte dos Grupos que forman parte do Goberno non se respecte a ninguén, aquí respéctase absolutamente a todo o mundo, aos Grupos máis amplos e aos que son máis pequenos. Agora, nós facemos unha proposta na Xunta de voceiros de facela conxunta, se entrega, por parte de quen propón se di si, demos por feito que tendo esa documentación se modificaría, que tiñamos que telo feito nós?, pois igual é a dinámica que temos que modificar. Ata o de agora faciamos sempre desta forma, é dicir, o Grupo que propoñía se había unha proposta de facer unha moción conxunta, modificábao, témolo feito en infinidade de ocasións. Que non é así e é mellor que o aclaremos antes de, pois non hai ningún tipo de inconveniente, pero que quede claro que esta non é unha cousa que acabe de xurdir agora antes do Pleno, porque é unha cuestión que se falou con anterioridade, e repito, nós respectamos aquí absolutamente, tanto a todo o mundo, como aos procedementos, aínda que nese tema tamén falamos na xunta de voceiros e dixen cal era a miña opinión a ese respecto, pero é un debate que non ten nada que ver con isto. Nada máis, a postura penso que queda suficiente clara, e se se acepta a votación por puntos, que non sei se acepta ou non.

(Abandona o salón o Sr. Pequeño Castro).

Sr. Lema Suárez

Aceptamos tamén, ou propoñemos a corrección que dicía a compañeira do BNG, de en vez de dirixir o primeiro punto á Xunta de Galicia, dirixila ao Parlamento de Galicia, que sería como unha corrección material.

Sra. Gallego Neira

Eu o único que digo, e xa non quero enfadarme, paréceme un cachondeo, só espero que ninguén estea vendo este Pleno por streaming, que non é a primeira vez que pasa, que a menos cinco, xusto antes de entrar, chegamos tarde, se está pactando, non sei que, se presenta a emenda da emenda. Non se pode cambiar ni Xunta por Parlamento, nin Parlamento por Xunta, porque é unha emenda, outra cousa é que se vote por puntos ou que non se vote por puntos. Dá igual cambiar unha coma, que cambiala enteira, se se emenda, eméndase. Entón, se se fala na Xunta de portavoces e non se presenta nada, eu non estaba, que estaba o meu compañeiro Evaristo, pero está claro que alguén non fixo o que tiña que facer, é igual, o que nos importa é moi pouco, polo que eu vexo, a moción, o tema é a ver quen a presenta, eu sinceramente non entendo nada. Non sabemos que se vai votar, se se nos explica.

Sr. Presidente

É moi sinxelo. A moción presentada por puntos, a única cuestión que se pretendía, que creo que ninguén se vai asustar cando vexa o Pleno, máis ben ao contrario, se asustará de que haxa tan pouca cintura por parte de representantes públicos de se se detecta un erro nunha moción onde pon Xunta de Galicia, que non ten sentido dirixirse á Xunta de Galicia para isto, senón ao Parlamento, que onde por lei e polo Estatuto de Autonomía de Galicia se prevén este tipo de comisións,

modificar simplemente en vez de Xunta, Parlamento, pero non pasa nada, o espírito...., pero é que non é cuestión de que se poida ou non se poida, é que non hai que ir ao secretario a preguntarlle iso, é dicir, pola miña parte podedes levarme á Fiscalía por esa tontería, que non pasa nada, vale. Entón, pola nosa parte se modifica e se non se pode, se recorre ante non sei que instancia.

Propoñemos o cambio, aínda que non sexa regulamentario o facelo, é dicir, o espírito é dirixirse á instancia competente que poida crear unha comisión de investigación.

Podemos votar punto por punto.

O primeiro punto é: "A Deputación da Coruña insta ao Parlamento a constituír unha comisión de investigación co fin de coñecer en detalle a xestión sanitaria e asistencial das residencias que forman parte de Domus VI antes, durante e despois da crise do Coronavirus".

Vótase o primeiro punto coa corrección.

VOTACIÓN

Votan a favor: 2 deputados (1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 29 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE e 4 do BNG)

(Entra no salón o Sr. Pequeño Castro).

Sr. Presidente

O segundo punto: "A Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a presentar un plan de atención integral ás persoas da terceira de Galicia asentado no principio da xestión pública e directa deste servizo."

Aprobado o primeiro punto, vótase o segundo punto da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre xestión das residencias

No ano 2010, a Xunta de Galicia vendía a súa participación do 45% en SOGASERSO, Sociedade Galega de Servizos Sociais, o ente posto en marcha polo Bipartito para a construción e xestión de residencias de maiores que estaba participada noutro 55% por unhas caixas, Caixanova e Caixa Galicia, que comezaban naquela altura o seu proceso de fusión. A sociedade tiña previsto abrir, ademais, catro novos centros, en Vimianzo, Viveiro, Monforte e Ourense, que aumentarían en 700 as prazas dispoñibles en residencias de maiores. Coa venda da súa participación de SOGASERSO, declara a noticia do 7 de xullo de 2010, a conselleira de Benestar, Beatriz Mato "non deixaba nada en pé do modelo de benestar que construíu o exvicepresidente Anxo Quintana para as políticas de Benestar".

O colapso de Novacaixagalicia, seguido do fracaso de NCG Banco, supuxo a posta en venda de maneira precipitada da totalidade dos seus activos entre os que se atopaban as súas participacións no sistema público de residencias de maiores, SOGASERSO, así como o resto de residencias xestionadas directamente polas antigas caixas e agrupadas en Geriatros. O fondo de investimento de capital portugués Magnum Capital pasa a ser, logo da venda, propietaria por 300 millóns de euros de Geriatros no ano 2012, que é vendida á súa vez, no 2015, a outro fondo de investimento, neste caso francés: PAI Partners.

En 2017, o antigo sistema público de xestión do sistema de residencias para maiores está xa completamente en mans privadas e pasa a ser denominado Domus VI, sendo dirixido pola antiga funcionaria de Facenda Josefina Fernández e acumulando moreas de denuncias de traballadores e usuarios sobre a calidade do seu servizo por incumprir de xeito sistemático coas ratios de persoal requiridas, tal e como puña de manifesto no seu informe o Consello de Contas en 2017. Aínda así, esta empresa resulta gañadora do premio Galicia Global que outorga a Consellería de Industria en 2019, e presenta uns beneficios netos anuais de 20 millóns de euros.

Co estoupido da pandemia é cando se poñen de manifesto con toda a súa crueza os efectos das políticas privatizadoras que deixaron en mans de empresas movidas unicamente polo afán de lucro a curto prazo a saúde dos nosos maiores: 274 persoas usuarias de residencias da terceira idade morreron en toda Galicia desde o comezo da crise do COVID 19, un 44% do total. Todas as mortes menos unha rexistradas en residencias privadas, e destas, medio cento nas tres residencias do grupo Domus VI de Cangas, Vigo e Compostela.

Ao longo das últimas semanas, e mentres se sucedían as denuncias por vía penal dos familiares das persoas mortas nestas residencias e do persoal sanitario infectado, fomos coñecendo máis en detalle as graves deficiencias e irregularidades na xestión destes centros privatizados de coidado de persoas da terceira idade. Esta mesma semana soubemos que a directora do centro de San Lázaro, Gloria García, remitiulle unha carta o pasado 25 de abril aos familiares dos usuarios denunciando que Xunta de Galicia tardara catro días en autorizar a hospitalización de persoas afectadas polo Coronavirus, os transcorridos entre o 18 e o 22 de marzo, cando son trasladados á residencia integrada Porta do Camiño "unicamente os máis válidos, os máis autónomos".

A xestión da crise do Coronavirus nestas residencias amosan, como xa dixemos, as consecuencias fatais da privatización dun servizo público esencial como debería ser o do dereito á saúde e presenta, ademais, multitude de dúbidas, incertezas e lagoas sobre a calidade da súa xestión durante a pandemia.

Por todo o exposto, propoñémoslle ao Pleno da Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1 A Deputación da Coruña insta ao Parlamento a constituír unha comisión de investigación co fin de coñecer en detalle a xestión sanitaria e asistencial das residencias que forman parte de Domus VI antes, durante e despois da crise do Coronavirus.

2 A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a presentar un plan de atención integral ás persoas da terceira de Galicia asentado no principio da xestión pública e directa deste servizo. "

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre bolsas de estudo artísticos

O pasado 27 de marzo o Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Deputación da Coruña facía públicas no Boletín Oficial da Provincia a resolución de modificación das Bases reguladoras das bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2020.

No punto sexto das devanditas Bases, a diferenza de anos anteriores, establécese un límite máximo de 35 anos para poder concorrer á mesma, co consecuente prexuízo para todas as persoas que exceden esa idade, que se ven excluídas de xeito inxusto e mesmo absurdo da mesma, non podendo rematar nalgúns casos, a formación iniciada o ano anterior.

Non se entende, ademais, como a idade pode ser un criterio de exclusión nunhas bolsas que premian a creación artística nas súas variedades musical, teatral, plástica ou audiovisual, nin tampouco o xeito de proceder da Deputación neste caso particular, obrando xeito unilateral e sen comunicación previa coas persoas interesadas que nestas pasadas datas manifestaron, en diversos medios e formatos, o seu malestar coa decisión da Deputación da Coruña.

Polos motivos expostos, solicitámoslle ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes acordos:

1 A suspensión da convocatoria das Bases reguladoras das bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2020.

2 A aprobación dunha nova convocatoria cunhas Bases reguladoras nas que non se estableza ningún criterio de exclusión en función da idade, tal e como acontecía en exercicios anteriores.

Sr. Lema Suárez

O pasado 27 de marzo o Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Deputación da Coruña facía públicas no Boletín Oficial da Provincia a resolución de modificación das Bases reguladoras das bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2020. Nestas bases recollíase unha modificación nun dos puntos polo cal pasaba a excluírse ás persoas maiores de 35 anos a posibilidade de optar a elas. Hai que ter en conta que estas bolsas teñen un carácter plurianual, é dicir, que ata tres anos un pode ser beneficiario delas. As consecuencias desta modificación é que un colectivo de persoas que non sei cuantificar pero que desde logo son unhas cantas aquí na cidade da Coruña quedaron excluídas do acceso a estas bolsas e, por tanto, nalgúns casos, impedidas de continuar os estudos de perfeccionamento que xa iniciaran. Ademais entendemos que en si mesmo, non só por este feito daqueles que non poden continuar cos seus estudos de perfeccionamento, senón aqueles que teñen máis de 35 anos e lles gustaría completar ou iniciar ou perfeccionar os seus estudos en temáticas artísticas, tamén teñen dereito a participar.

Por todo o anterior, nós o que solicitamos é que se corrixa este feito, esta exclusión, que entendemos que é inxusta e absurda. Pedimos no primeiro punto a suspensión da convocatoria das bases reguladoras das bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2020 e no punto número 2 a aprobación dunha nova convocatoria cunhas Bases reguladoras nas que non se estableza ningún criterio de exclusión en función da idade, tal e como acontecía en exercicios anteriores. Grazas.

Sra. González Castro

Bo día a todos e todas. Eu, como dixeron antes os meus compañeiros, tamén me alegro moito de vervos hoxe a todos.

Analizando en profundidade a moción presentada pola Marea Atlántica queremos aclarar algunhas cuestións. As bases reguladoras das bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos teñen como obxecto garantir o perfeccionamento artístico da mocidade da provincia da Coruña, para que poidan desenvolver os seus estudos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e teñan un apoio económico e que lles permita facer fronte ao custo que supón para as familias, que se formen, que se enriquezan cultural e socialmente na nosa provincia.

O obxecto da discusión que trae a Marea Atlántica na súa moción é a decisión da área de educación, que eu mesmo dirixo, da que son delegada, de establecer como un dos requisitos para acceder ás bolsas de perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2020 o límite de idade en 35 anos. Esta foi unha decisión avalada por criterios técnicos e dos propios tribunais, non é unha decisión que nos sacamos así da manga dun día para o outro. Tanto os técnicos como os propios tribunais, como lle dicía, téñenos manifestado que as diferenzas de bagaxe académica e profesional entre os distintos aspirantes é moi dispar, polo que á hora de valorar e baremar os items establecidos para xerar as puntuacións dos aspirantes, o

resultado era moi desequilibrado, xa que as persoas aspirantes de maior idade, como comprenderán, parten cunha vantaxe maior debido á experiencia e á formación adquirida ao longo dos anos. Isto había que intentar atallalo e desde a área de educación elaboramos un estudo sobre as idades das persoas solicitantes de bolsas, nas que comprobamos que as idades dos candidatos son moi diferentes. No ano 2019, por exemplo, presentaron solicitudes persoas de entre 15 e 48 anos de idade, polo que visto as suxestións dos tribunais e os criterios técnicos do persoal consideramos axeitado establecer un límite de idade, priorizando a formación das persoas máis novas. Establecéronse dous grupos de idade, no que primaran diferentes valoracións nun e outro. Por un lado aqueles solicitantes de menos de vinte e tres anos, e os maiores de vinte e tres anos ata os trinta e seis anos, tal e como se pode ver nas bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia do 27 de marzo de 2020. Como saben vostedes o requisito da idade non é algo exclusivo desta Deputación, aplícase en diversas convocatorias de bolsas, non o sacamos nós de debaixo da manga, pero ademais, en referencia ao indicado sobre que a inclusión deste requisito se realizou sen comunicación aos actuais bolseiros, sinalar que o feito de ser beneficiario dunha bolsa nunha convocatoria non xera ningún dereito, nin ningunha preferencia para outras convocatorias respecto ao resto de solicitantes, isto é algo que tamén hai que ter en conta.

Por todo o dito, e despois de analizar a concesión das axudas na convocatoria 2017, 2018 e 2019, observamos que, efectivamente, as suxestións das persoas que forman parte dos tribunais eran as correctas, eran idóneas, e polo tanto resolvemos tomar a decisión sinalada. Tamén quero aclarar que esta non é só unha cuestión técnica, senón que tamén é unha cuestión política pois trata de dar resposta a unha demanda de apoio á mocidade nestes tempos de dificultade económica.

Como saben, a taxa de desemprego para menores de 25 anos na provincia é do 23,64%, mentres que a taxa de desemprego total é dun 11,46%, o que confirma a necesidade de establecer medidas especiais para garantir que a poboación máis nova teña acceso a unha formación de calidade e que os recursos económicos das familias non sexan unha barreira para desenvolver todas as súas cualidades artísticas.

Desde este Goberno cremos nunha mocidade con futuro, por iso é necesario establecer estas medidas correctoras, digamos, ou un tanto especiais, que apoien a un colectivo que leva sufrindo os peores anos da crise, e que veu mermado durante moitos anos o apoio das diferentes institucións, que priorizaron políticas de recortes. De momento, isto é todo. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Un par de cuestións, os técnicos non responden políticamente dos seus actos, responde vostede aquí neste Pleno, non hai ningún técnico do seu departamento ao que eu interrogue, a decisión finalmente é súa, entón cando un político emprega razóns técnicas, lamento dicir que finalmente a responsabilidade é sempre do político para ben e para mal, por iso lle pregunto a vostede.

Esta mesma Deputación, en exercicios anteriores, cando dirixía a súa área a deputada Goretti Sanmartin non establecía ese requisito e non establecía ese límite dos 35 anos, eu creo que supoño que tería tamén esta Deputación nese momento un

contexto semellante de desemprego xuvenil, tamén un contexto semellante de postcrise económica e demais, e baixo ese mesmo contexto o que non facía era excluír a certas persoas da capacidade de ampliar e perfeccionar os seus coñecementos artísticos.

E, en último lugar, claro vostede di que non existe ningún dereito, efectivamente, non existe ningún dereito, pero existe o prexuízo daquel que non pode completar a súa formación, porque insisto, estas bolsas son plurianuais, entón hai persoas que se ven limitadas a posibilidade de seguir con este proceso. Co cal, a miña conclusión é que quen asesorou, ou quen, digamos a parte que vostede describe como técnica recomendou tomar esta decisión, eu creo francamente que errou, porque cando menos debéraselle dar a oportunidade de completar ou de continuar a aqueles que foran beneficiarios anteriormente desta bolsa. Hai moitas maneiras de corrixir isto sen dalgunha maneira optar pola vía máis doada, que é a de podar, eu creo que había outras posibilidades.

E tamén vostede fala, que eu creo que é un argumento que ten ademais a súa parte de verdade e de forza, destinalas máis ben cara as persoas que son máis novas porque se establece un prexuízo competitivo en canto a formación e currículo de cada unha delas. Pode establecer tamén vostede baremos inversos polos cales se penalice a idade, pero non lles priva a vostedes do dereito a participar, simplemente penaliza a súa idade, ou ao contrario, premia a súa xuventude. É moito máis drástico, é moito máis lesivo que simplemente vostede non lles permita acceder ás bolsas, non falo en termos de dereito, falo en termos de continuidade ou en termos de capacidade. Entón, eu simplemente coñecendo e respectando os seus argumentos, creo que existen outros argumentos mellores para apoiar que non se restrinxa a participación das persoas maiores de 35 anos a estas bolsas. Grazas.

Sra. González Castro

Sr. Lema, fálame de continuidade, e eu quero manifestarlle que estamos dispostos a valorar o que vostedes nos solicitan na súa moción cara a vindeiras convocatorias, quero mostrarlle esa disposición, digamos, favorable, a valoralo en vindeiras convocatorias polo feito desa continuidade da que vostede me fala, pero tamén quero que quede claro que a intención subxacente á hora de tomar esta decisión foi a de beneficiar a aqueles que máis precisan de apoio. É cuestión de prioridades e é unha decisión que non agrada a todos, iso nunca é posible, pero pretende poñer o foco da axuda no tramo de idade que menor empregabilidade ten. Esa foi a intención, polo menos inicial nosa.

Mire, o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria de bolsas de perfeccionamento de estudos artísticos está aínda aberto, co cal eu non lle podo dar datos exactos a día de hoxe, pero o que si podo é falar dos datos do ano pasado, do 2019. Con respecto a 2019 podo dicirlle que soamente dúas persoas, das beneficiarias nesa convocatoria, deixarían de percibir axuda da Deputación, soamente dúas persoas. Creo que isto é un argumento que hai que ter moi en conta. Ademais cando me fala dese prexuízo e indefensión por parte dos bolseiros afectados, teño que dicirlle o que lle comentaba antes, tal argumentación non me vale, os beneficiarios nunha convocatoria non adquiren dereito, de acordo, esa continuidade, como tamén saberán, nas propias bases da convocatoria teñen un límite de tres anos,

ou sexa, poden se beneficiarios tres anos, non é algo que vaia ser durante anos e anos. Entón, teñen que ser sabedores que unhas veces son beneficiarios e outras veces non son beneficiarios.

De todas formas, teñamos en conta o dato de que vistos os datos de 2019 soamente serían dúas as persoas que deixarían de percibir a axuda da Deputación.

En canto ao criterio da idade, dicíalle antes que isto non é un criterio exclusivo desta Deputación, e quero darlle algúns exemplos, permítame que lle dea algúns exemplos, no ámbito artístico. No ámbito artístico as bolsas de artes plásticas e visuais, Casa Velázquez 2019 da Deputación de Zaragoza, as bolsas de residencia no estranxeiro para novos artistas e comisarios no ámbito das artes visuais, ano 2019; os circuítos de artes plásticas da Comunidade de Madrid, ano 2019, as bolsas para cursar ensinanzas artísticas superiores ou ensinanzas conducentes ao título oficial de máster universitario relacionado cos estudos de ensinos artísticos superiores cursados previamente en centros debidamente acreditados, situados fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Cantabria, isto tamén de 2019. E no ámbito da investigación vexamos tamén, bolsas de formación, investigación e apoio en materias relacionadas coa cooperación internacional e o fomento da arquitectura, ano 2018; a convocatoria de bolsas de investigación para mozos investigadores publicada o 28 de febreiro de 2020, estes son soamente algúns exemplos que lle quero poñer. Pero como lle dicía antes é criterio da Deputación priorizar neste caso a formación das persoas máis novas, é cuestión de establecer prioridades, ten que ser así, non podemos agradar a todos, e moito menos cando é cuestión de tan poucos casos dos que estamos a falar.

Consideramos que a xente nova é o sector de poboación máis vulnerable, como lle dicía, e o que máis ten sufrido a crise económica e, polo tanto, máis necesita do noso amparo. E mire, quero tamén, Sr. Lema, facerlle unha diferenciación entre a cultura e a formación ou a educación que, ao fin e ao cabo, é a área que eu levo, educación e formación, eu non levo a área de cultura, aquí non estamos falando de cultura, en cultura teño moi claro que non existe límite de idade, para a cultura non hai idade e, polo tanto, para o apoio desde esta Deputación, para o apoio ás entidades culturais e á rede cultural, non hai establecido un límite de idade, compréndoo porque non tería sentido, non se ten en conta polo tanto, porque se entende que non hai idade para a cultura, pero pola contra, para a formación, si penso que hai que priorizar a aquelas persoas que peor situación teñen, e neste caso as persoas que menor bagaxe van ter van ser as persoas de menor rango de idade, por iso son os que queremos protexer especialmente. Esta é un pouco a miña mensaxe. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Última, porque entendo que todo o mundo quere marchar para a casa. Unha, un apuntamento técnico, o bolseiro non perde a condición de desempregado aínda que perciba a bolsa, non deixa de ser un desempregado, e en segundo lugar, os seus argumentos, eu creo que defendeu o seu posicionamento o mellor que puido, creo que ten ademais argumentos coa súa forza, coa súa lóxica, pero estou seguro de que o ano que vén vostede cambiará estas bases. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 2 deputados (1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados (11 do PSOE e 3 do BNG)

Abstéñense: 15 deputados/as (14 do PP e 1 do BNG)

A Sra. Muiño Filgueira (BNG) manifesta que o seu voto é en contra.

Desestímase a moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. García Seoane

Eu quería presentar dous rogos, un deles comenteino nunha das comisións. Hoxe tratamos aquí un dos temas que era xuntar cartos que non se ían investir para investilos principalmente no tema das empresas, ese comentario das empresas eu creo que se está utilizando moitísimo e que xa somos tantos, son tantos os que falan de subvencionar empresas, goberno central, goberno autonómico, deputacións, algún concello, que chega un momento que parece máis un tema político e demagóxico que real, porque o real é que eu que coñezo o meu municipio, e seguro que pasa noutros, montóns de empresas non abren as portas porque lles é máis rendible tela pechada, elles máis rendible como autónomos tela pechada que abrila. Eu podo dar casos no Concello de Oleiros varios, non un, varios, que poderían abrir e ter un negocio e vivir del sen ningún problema, o que pasa é que se son marido e muller e son autónomos, son 1.500 euros que se chupan máis non pagar Seguridade Social, máis faltaba máis que o concello lle sacara os outros impostos, entón si que xa era unha riqueza total. Por tanto, cando se fala diso, paréceme que hai xa un certo tufo de demagoxia política, non me culpen a min de que as empresas do meu pobo, non sexa o caso, non, porque ademais moitas desas empresas os bares, por exemplo, son centros culturais, entrecomiñas, onde se saca o pelexo a uns e a outros dependendo como vaia o tema.

Eu o que quería era facer un rogo en relación coa regata de traíñas da Deputación Provincial na Coruña, que esa regata se celebrase, esa regata non trae ningún problema de contaminación a ninguén, é algo importante para a cidade da Coruña, é un atractivo, a costa énchese de persoas mirando para as lanchas, polo tanto, igual que está Riazor cheo de xente para bañarse, co paso do tren ese, o semáforo, a barreira esa que se montou, non pasa nada, porque van ser os mesmos quen miran ou desde o paseo, ou desde a praia. É unha actividade que ademais é moi importante para todos os regatistas que veñen a esta regata que deben ser sobre uns dezaseis, e que son da provincia da Coruña, dos municipios costeiros da provincia da Coruña, que para sustentar os seus clubs as están pasando *canutas*, e isto cando van a unha regata, como vai haber no caso de Oleiros vai haber dúas,

feminina e masculina, agora no mes de xullo, pódense celebrar noutros sitios igual, e non facerlle perder nin aos de Ares, nin aos de Boiro, por toda a cosa nosa, facerlles perder realmente un diñeiro tan importante, porque cada día que van a unha regata cobran 600 euros, e iso si se celebran as regatas, os clubs se manteñen, senón van pechar, eses si que van pechar a porta, e hai centos de rapaces e rapazas facendo unha actividade, moi dura por certo, moi dura, un deporte moi duro, e poderiamos estar abocando aos centros de remo da nosa provincia a irse ao garete totalmente, nunca mellor dito ao garete, en termos marítimos.

Polo tanto, rógolle ao presidente da Deputación que reconsideren esta situación, que falen co Concello da Coruña, a Federación xa virá ao que sexa, porque a Federación con tal de chupar algún carto xa está, non pasa nada, e os árbitros, e a aquel e o outro e todas esas mandangas que teñen, non facían falta federacións para nada disto para levar adiante o deporte, ao contrario. Ese é un rogo, que se recupere, que se retome a regata de traíñas da Deputación Provincial na cidade da Coruña.

E outro rogo tamén, todos os días ouvimos o mesmo, neste Pleno, noutro, en todos, óese sempre o mesmo, a mesma cantinela, antes gobernaba o PP e era así, agora gobernan os nosos e tamén son así, todos son malos para os municipios, e estou falando dos remanentes.

Os remanentes, hai unha situación, e o dixen aquí nun Pleno, hai unha situación para que cambie a situación, e valla a redundancia, saír á rúa, e digo saír á rúa, como?, que os municipios, que vostede como presidente da Deputación da Coruña, convocara a todos os municipios da provincia da Coruña que un día determinado diante das portas dos concellos, saiamos ás portas dos concellos a denunciar o abuso que está habendo cos concellos respecto dos remanentes, iso non é ningunha algarabía, é un dereito, porque a min non me falen vostedes nin da FEMP nin da FEGAMP, naceron para atarnos, goberne quen goberne, se goberna o PP ten a maioría a nivel de España o PP, e se a ten o PSOE ten o PSOE tamén, e aquí en Galicia pasa máis do mesmo. A Federación de Concellos galegos non vale máis que para amordazarnos e poñernos bozais, por tanto a Deputación pode e é quen de facer unha convocatoria sen ir contra ninguén, senón defendendo os dereitos dos municipios de Galicia, e neste caso da provincia, sen ningunha algarabía, simplemente poñerse, igual que cando morre alguén ou pasa calquera cousa, poñémonos diante da porta do concello para dicir non sei que, pois poñámonos nas portas da Deputación e dos concellos, e iso pódeo facer a Deputación, porque aquí estamos representados todos os partidos políticos que gobernan case na provincia da Coruña, eu goberno en dous, teño presenza noutros dous de goberno, e teño en tres a oposición, polo tanto, eu non son, hai quen di "é que é un", non, somos moitos, somos vinte oito.

Polo tanto, eu rógolle ao presidente da Deputación que faga unha convocatoria, que o pense, que faga unha convocatoria para poñer os puntos sobre os is unha vez por todas e que nos deixen gastar o que é noso porque está habendo unha situación bastante fastidiada na maior parte dos municipios, non pode o Concello de Oleiros ter catorce millóns no banco e pagándolle aos señores do banco, e non pode ter a Deputación setenta máis vinte, noventa, e pagando tamén por ter os cartos no banco, e así podería multiplicalo por dous, e non é ir contra ninguén, simplemente é, saímos á porta e é o día dos concellos, o día da reivindicación do

noso, eu creo que o poderiamos facer. Queda aí, e é unha proposta que fago, un rogo que lle fago ao presidente.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:20 horas.